

**ESTUDO DIAGNÓSTICO  
SOBRE OS EFECTOS  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
NA SAÚDE DAS MULLERES**



ASOCIACIÓN REDE  
DE MULLERES VECIÑAIS  
CONTRA OS MALOS TRATOS  
DE VIGO

---

2009

*Colaboran:*

Carmen Clavería Prada  
Cristina Pinín García  
Eva Ventín Lorenzo

*Gráficas:*

Raquel Doval Carregal  
Lucía Fernández Martínez

*Coordinan:*

Raquel Doval Carregal  
Rosa Fontáña Pazos

*Edita:*

Asociación Rede de Mulleres Veciñais  
Contra os Malos Tratos de Vigo

*Subvenciona:*

Servizo Galego de Saúde

*Imprime:*

Gráficas Planeta, S. L.  
Depósito legal: VG 285-2010

## ÍNDICE

AGRADECEMENTOS .....	4
1.- PRESENTACIÓN .....	5
2.- INTRODUCCIÓN .....	7
3.- ANTECEDENTES, HISTORIA DAS MULLERES. ....	9
3.a. Palabras clave. ....	43
4.- ACHEGAS PROFESIONAIS SOBRE O EFECTO DA VIOLENCIA .....	53
5.- ESTUDO .....	67
5.1. Situación real das mulleres galegas – marco social. ....	67
5.2.- Organización e desenvolvemento do estudo. ....	87
4.2.1. Elaboración das enquisas. ....	87
4.2.2. A mostra. ....	87
4.2.3. Resposta de cada colectivo. ....	88
5.3.- Análise de datos. ....	89
4.3.1.- Enquisas. ....	89
4.3.2.- Conclusións. ....	115
6.- BIBLIOGRAFÍA .....	123
7.- ENDEREZOS DE INTERESE .....	129

## 1 PRESENTACIÓN

*O uso de determinadas categorías históricas constitúe a base do relato histórico.*

*O problema da interpretación da historia non está, polo tanto, na explicación dos feitos, senón na fase previa de que categorías considera relevantes o historiador. E posto que a historia foi contada por homes, estes nunca consideraron relevante referir os feitos ao redor da emancipación das mulleres (...). Son as categorías históricas utilizadas as que sistematizan a exclusión das mulleres do gran relato da historia.*

**Alicia Miyares.** Democracia feminista

### AGRADECEMENTOS

*De xeito moi especial queremos dedicar este estudo a todas as mulleres atendidas pola Rede, e que, non como vítimas, senón como mulleres valentes, decidiron romper con esta situación e loitar pola súa liberdade. Toda a nosa forza para elas e para as que aínda seguen enfrontándose día a día a esta situación.*

*Queremos lembrar tamén a todas as persoas que nestes máis de 11 anos de traxectoria da Rede, colaboraron connosco na loita diaria contra a violencia de xénero en todas as súas manifestacións, en especial ás mediadoras, que ano tras ano fan posible os acompañamentos ás mulleres.*

*A M<sup>a</sup> Isabel Graña Garrido, que nos facilitou o poder realizar este estudo.*

A prevalencia do maltrato en Galicia é do 8'5%, o que significa que este problema afecta a unha de cada 12 mulleres galegas, e unha de cada tres mulleres que acode á consulta de atención primaria sofre malos tratos, e máis da metade leva máis de cinco anos padecéndoo.

Segundo Amnistía Internacional, os malos tratos son a primeira causa de morte das españolas de entre 16 e 44 anos, incluso por riba do cancro.

O 90% das mulleres vítimas de malos tratos van a consulta médica ao longo do ano, só un 25% delas son diagnosticadas; polo que máis do 70% dos casos de violencia de xénero non son detectados.

Moitas das mulleres que sofren malos tratos presentan patoloxías variadas e son tratadas en base a elas, de modo que son moi poucas as posibilidades de que ese tratamento teña éxito, polo que se produce tamén frustración no persoal sanitario. É neste sistema sanitario onde se poden detectar os diferentes niveis dos efectos do maltrato, xa que as mulleres que os sofren buscarán na sanidade pública a solución ós problemas derivadas dela.

A Rede, con este estudo, pretende facer unha primeira achega a esta situación, para que sirva como base para un maior coñecemento e un primeiro paso que faga que non se esquezan as repercusións mesmas da violencia de xénero na saúde das mulleres e na súa vida. Tamén facer unha análise transversal sobre a situación existente, levando a cabo unha publicación na que se amosan as conclusións do estudo diagnóstico das propias mulleres participantes, así como das distintas profesionais.

**Ester Corralo Domonte.**

*Presidenta da Rede*

## 2 INTRODUCCIÓN

A historia que aparece nos libros de texto é unha historia contada por homes, narrada dende unha óptica patriarcal que invisibiliza o traballo e a loita levada a cabo polas mulleres a través de todos os tempos. Unha historia que desprezia a traxectoria pola consecución dos nosos dereitos civís, sociais e políticos, unha historia escurecida por un sistema machista que se serviu da explotación, da opresión e do sometemento das mulleres para levar a cabo un sistema baseado en roles impostos, relegando ás mulleres ao espazo privado, provocando un silencio obrigado e inxusto.

Os movementos feministas levan séculos *empoderándose* e *empoderando* ás mulleres para recuperar o lugar que este sistema nos arrebatou e nos sigue arrebatando. Aquí e agora, na Galiza, os movementos feministas imos xurdindo con máis forza, recollendo a herdanza da loita das mulleres que nos preceden, recuperando esa historia ocultada pola forza, e volvendo a escribila dende a liberdade e a igualdade. Seguiremos loitando ata que vivamos sen ser atacadas, sen que vulneren a nosa independencia e liberdade.

Este estudo quere reflectir como esta violencia machista e patriarcal sigue actuando e dobregando ás mulleres

no século XXI. Non quere reflectir vítimas, senón mulleres *empoderadas* que loitan día a día contra as repercusións e secuelas que o machismo lles marcou para sempre, mulleres fortes e valentes, ás que todas e todos debemos de respectar.

**Rosa Fontaiña Pazos.**  
*Voceira e coordinadora da Rede*

### 3 ANTECEDENTES, HISTORIA DAS MULLERES

*Eva Ventín Lorenzo*  
Diplomada en Relacións Laborais

A revolución industrial e burguesa, o desenvolvemento do capitalismo, as bases teóricas e prácticas do socialismo, o movemento obreiro, e todos os acontecementos non poden entenderse sen a presenza e o protagonismo das mulleres.

A historia das mulleres é unha historia de excluídas, de excluídas das actividades públicas e condenadas á marxinação sistemática.

Mais as mulleres estivemos presentes de xeito activo, aínda que non recoñecidas e en calquera caso silenciadas polas *fontes oficiais*, en todas as transformacións decisivas que se foron producindo ao longo da historia da humanidade.

Os xeitos de marxinação son variados e xustificados, entre eles a acusación de ser manipuladoras, seres endebles, de escasa intelixencia, bruxas, seres de moral máis que cuestionable, transmisoras de doenzas..., mais sobre todo culpables.

Fomos relegadas ao ámbito doméstico polo sistema patriarcal, e explotadas en función das circunstancias da conxuntura económica: fomos utilizadas por unha burguesía masculina para levar a cabo os seus obxetivos e nos convertemos na obra de man barata das fábricas para substituír aos homes que marchaban ás guerras.

A Igrexa poderosa e presente lexitimou, fomentou e afianzou a marxinação, explotación e sometemento das mu-

lles, establecendo un modelo de muller casta, sumisa e sempre feliz no seu papel servilista de abnegada filla, nai e esposa. Allea ao espazo público onde ten lugar a vida social, laboral, política e cultural. No seu papel de gardián do cristianismo, a Inquisición asasinou aquelas mulleres que vivían contra a orde que a Igrexa estaba a impoñer. Entre elas, as bruxas, mulleres que recollen e coñecen ben as tradicións, a natureza, as plantas que curan, e que as utilizan en beneficio de quen o precisa.

Foron as mulleres moeda de cambio para calquera negocio, ferramentas para consolidar alianzas coas que incrementar poder ou riqueza, consideradas fábricas de fillos para perpetuar liñaxes. Nunca tiveron acceso aos medios de produción porque a lexislación elaborada polos homes impedíanlles herdar ou administrar os seus propios bens en favor do seu home ou familiar varón.

A historia das mulleres é a historia da súa desigualdade, do seu sometemento, mais tamén da loita pola súa liberdade e dereitos; dereitos que pouco a pouco se van conquistando malia ter todo en contra.

A vida das mulleres de hoxe e das novas xeracións é froito da loita do **movemento feminista**, un movemento ultraxado, desacreditado e descualificado, inda a día de hoxe. Malia que os avances foron moitos e a actividade lexislativa importante, segue a existir discriminación laboral, acoso sexual dentro das empresas, dificultades á hora de conciliar traballo e familia, e mantéñense os obstáculos á hora do acceso das mulleres a postos de responsabilidade dentro das empresas; obstáculos que se estenden á participación política e social das mulleres.

Sen desmerecer os esforzos políticos cos que se consegue unha igualdade de dereito, fan falta que se establezan os mecanismos necesarios para que a igualdade sexa real e efectiva.

## A MULLER NA ANTIGÜIDADE CLÁSICA

Na obra poética de Hesíodo, a *Teogonía*, que ven ser a xénese da mitoloxía grega, recóllese o mito de Pandora que foi a primeira muller creada por orde de Zeus coa fin de vingarse de Prometeo por ter revelado á humanidade o segredo do lume. Todos os deuses participaron na súa creación.

É una muller fermosa. Creada para seducir. Todos os deuses olímpicos participaron na súa creación e cadaquén outorgoulle un presente: Hefestos, o ferreiro dos deuses, deulle forma; Venus concedeulle a beleza; Atenea a sabedoría e a habilidade en todos os terreos; as Horas e as Grazas o encanto dos vestidos, engalanándoa con xoias e flores perfumadas. Zeus agasalloulle cunha caixiña coa orde de que non a abra. Xa na Terra casou con Epimeteo. Desobedecendo a Zeus, Pandora, levada pola curiosidade, non puido evitar abrir a caixa, liberando todas as desgrazas humanas (a vellez, a fatiga, a loucura, o vicio, a tristeza, a paixón, as pragas, a tristura, a pobreza, o crime, etc.

A rebeldía de Prometeo en contra dos deuses acaba coa vida tranquila do Home. Deste xeito, e ao igual que a Eva bíblica, ás mulleres atribuiránselles todos os males e desditas da humanidade.

A filosofía desenvolveu a idea de que as mulleres eran inferiores ao home, non só no biolóxico e o anatómico, senón no ético e o moral.

A ciencia e a filosofía explicaron racionalmente a imperfección do outro sexo e inmortalizaron dende entón un retrato cargado de desdén e desprezo.

Aristóteles outorgaba ás mulleres a capacidade intelectual dun neno e Cicerón sostiña que as mulleres debían estar gardadas polo home en razón da súa debilidade de intelecto.

Asociar á muller coa maldade xustifica a súa exclusión do ámbito público e que sexa relegada ao espazo doméstico.

A esperanza de vida das mulleres era corta, dez anos menor cá dos homes debido ás altas cifras de infanticidio das recentemente nadas; as que desempeñaban as tarefas máis penosas da casa, tanto é así que se di que os seus esforzos destruzaban o seu organismo. O propio Hesíodo recomendaba mercar unha esposa co único obxecto de que tirase dos bois. Por último, a súa alimentación era precaria e dende ben cativas case non recibían alimentos.

Durante o período helenístico a situación da muller mellorou sensiblemente. As dinastías macedonias deron lugar a unha longa serie de raíñas e mulleres que, dalgunha maneira, conseguían influír na política do seu tempo. Cando os gregos entran en contacto cos pobos macedonios, comezouse a contemplar ao xénero feminino doutro xeito.

## A MULLER EN ROMA

Dentro da familia estaba baixo a tutela do *pater familias*, que tiña dereitos sobre a vida e a morte de todos os e as súas membras. As rapazas non recibían a mesma educación que os nenos, raramente ían á escola media e nunca á superior. As que acadaban un alto nivel cultural era grazas a preceptores particulares.

Co matrimonio pasa a estar sometida ao seu marido e participa da súa mesma condición social. Os esposos debíanse fidelidade. A muller adúltera era castigada de xeito máis severo cós adúlteros, e as escravas son consideradas coma obxectos sen dereitos, van ocupar os peores traballos, ademais de estar obrigadas a compracer sexualmente aos seus amos.

## A IDADE MEDIA

A Idade Media expándese ao longo de cinco séculos nos que se van producir cambios profundos en todos os niveis. Cambios que transcenden ata os nosos tempos, como por exemplo a aparición da banca ou das universidades. Os varóns vanse erixir como protagonistas en exclusiva desta transformación: a política, as armas, a cultura ou os negocios pretenderán ser exercidos en exclusiva polos homes, mentres que para as mulleres hai reservado un papel secundario que a limitará, na meirande parte dos casos, ao espazo privado.

Neste tempo a Igrexa é garante da orde social cristiá e nesta sagrada institución existen dous modelos de muller. O primeiro, a Eva autora do pecado orixinal, creada da costela do varón (para xustificar a súa subordinación ao home) e que

vai ser a clave das relacións home-muller marcada pola misoxinia. Eva feble (cedeu ante a tentación da serpe), Eva pecadora, Eva culpable que provoca a caída de Adán e a expulsión do Paraíso coa conseguinte eterna condena a traballos forzados, doenzas, partos con dor, a morte... A Eva segundona do que parte a visión androcentista do mundo. O segundo modelo, María fecundada por Deus, na que conflúen os valores da muller ideal: virxindade, abnegada e amorosa nai e esposa, modelo a imitar se se quere ser respectada ou valorada. As mulleres non poderán ser parte activa da relixión: non poderán ser ministras de Deus, non impartirán a palabra: non poderán ser ordenadas coma ministros de Deus e en todo caso realizarán tarefas auxiliares.

A Igrexa vaise encargar de enxalzar a virxindade e, despois da sexualidade e do seu gozo, as mulleres teñen un deber que cumprir: a procreación. O sexo, pois, só será aceptado dentro do matrimonio e serán castigadas coa morte aquelas que manteñan relacións extra matrimoniais.

Na alta Idade Media as familias están formadas por varias xeracións e longa parentela. O pai é a figura de máxima autoridade que se encarga da protección de todas as persoas membras. Por descontado, será o encargado de velar pola pureza das súas fillas que lle debían obediencia. Os matrimonios, na maior parte das veces, eran concertados, especialmente entre as familias importantes. Non serán as mulleres as que elixan ao seu futuro marido senón ao seu pai, sen que poida rexeitar a elección paterna. Unha vez esposada, será o seu home quen exerza a autoridade e quen administre os bens, sen que ela poida facer actividade algunha sen o consentimento do home.

No mundo medieval as mulleres en xeral van ser consideradas coma seres inferiores, con pouca intelixencia e incluso sen alma, ademais de ser portadoras de todo tipo de doenzas. Un bo exemplo é a menstruación, que segundo algúns pensadores dese tempo, servíalle ás mulleres para expulsar todo o mal que levaban dentro de si. Por outra banda, a lexislación elaborada polos varóns, en nada favorable ao xénero feminino -como non podía ser doutro xeito-, vai permitir entre outras cousas, que as mulleres sexan tratadas coma moeda de cambio ou coma un negocio rendible para incrementar o poder económico ou social dos pais ou dos futuros cónxuxes. Aínda así, non todas as mulleres terán a mesma calidade de vida, xa que poderán recibir certo alivio segundo o estamento ao que pertenzan. Falaremos pois da nobre, da relixiosa ou da labrega.

A muller da nobreza vai gozar do que aparentemente podería considerarse coma privilexios: vaise encargar, ademais da educación e coidado dos fillos e fillas, de todo o relacionado coa organización da casa, o que lle vai permitir manter certa autoridade sobre os empregados se os hai, e sobre outras mulleres que a auxilian nas tarefas do fogar. No caso de ausencia do seu home polas guerras ou as cruzadas, será ela quen administrará a economía da casa e quen tomará todas as decisións. Outro dos privilexios é a posibilidade de acceder ao ensino.

No século XIV atopamos entre a nobreza galega a mulleres aguerridas coma María Castaña, fidalga que en 1386 dirixiu unha revolta contra o bispo de Lugo, Pedro López de Aguilar, polos abusos e inxustizas cometidas por este en contra



do pobo; e un século máis tarde a Dona Constanza de Castro, filla do Mariscal Pardo de Cela, que se bateu na fortaleza de Vilaxoán por defender a herdanza do seu pai. O seu inimigo López de Haro cercou a fortaleza e deixouna morrer por falta de auga e víveres.

Na Idade Media, os conventos son para algunhas mulleres unha vía para liberarse dunhas condicións de vida asfixiante ou de duros traballos domésticos. As familias que non poden pagar a dote dun casamento atopan na vida eclesiástica un porvir. Hai mulleres que se achegan aos conventos fuxindo de matrimonios pactados e hainas que, animadas pola Igrexa, buscan redimirse dos seus pecados.

A presenza dos conventos tivo grande importancia en canto á cultura, pois alí se depositou a cultura daquel tempo. As monxas aprendían a ler e a escribir, dominaban o latín e o grego, e dentro dos muros vivían algunhas mulleres autoras de textos coma o relato da *Vida de Santa Aldegonda*, escrito por unha monxa do mosteiro de Maubeuge, ou Hildegard de Bingen, autora de libros apocalípticos e teolóxicos, poesías e un libro sobre o corpo humano.

Na Galicia desta época a vida monacal tiña un forte arraigamento. No século XII fúndanse numerosos mosteiros e as mulleres galegas non van ser alleas a esta actividade fundacional; por exemplo Dona Lupa Froilaz, filla do conde Pedro de Froilaz, da liñaxe dos Traba; dona Urraca, que foi fundadora e protectora do mosteiro de San Cristóbal de Dorneá no ano 1152, onde ingresou coma monxa en 1157; ou Dona Sancha Ponce de Cabrera, da liñaxe galega dos Traba, filla de dona María Fernández e de don Ponce Giráldez, que foi a fundadora

e protectora do mosteiro de Nogales, ao redor de 1164, e no que foi soterrada en 1176. Entre os séculos XII e XV existen numerosos exemplos de abadesas, vigairas, priora e procuradoras nas distintas ordes e conventos femininos de Galicia.

A muller labrega era quen tiña que soportar peores condicións de vida. A Idade Media é unha sociedade eminentemente rural e os produtos da terra e a gandería son a base da súa economía, que se desenvolve no ámbito doméstico, polo que non é difícil deducir que as mulleres participarán de xeito activo producindo obxectos e alimentos, ademais doutras actividades: coidado dos animais, coidado da casa, das crianzas, sementan, recollen, coidan a horta e o gando, manteñen o lume, cocían...

Fóra do ámbito familiar as mulleres poden traballar coma criadas. Neste colectivo hai que facer unha nova distinción: as que traballaban como damas de honra nas familias nobres e as serventas que, ademais de vivir en condicións lamentables, realizarán os traballos máis indignos e que son tratadas coma obxectos sexuais dos seus señores.

A muller serva ou escrava non pode casar fóra do dominio do amo e, se o fai, os seus fillos e fillas serán repartidas entre o seu señor e o seu home.

Estamos, como xa dixemos, diante dunha etapa tediosa, escura, de prohibicións e desprezo para as mulleres, mais paseniño van aparecendo luces, e coa súa tenacidade van conquerindo un lugar nesta longa noite de pedra.

No século X existía unha escola libre de medicina que outorgaba os seus diplomas a mulleres e que incluso lles con-

cede licencia para practicar a medicina e a cirurxía. En Bolonia, en Montepellier, tamén houbo gran número de mulleres estudantes de medicina.

A partir do século XI, xa na Baixa Idade Media, nacen numerosas cidades que xorden como consecuencia do establecemento de mercaderes. Os burgos eran centros especializados na fabricación de produtos industriais e no comercio de mercadorías. Neste marco urbano a muller atopa unha válvula de escape, un lugar onde atopar traballo e beneficiarse dun certo grao de liberdade, sen esquecer que o seu salario vai ser inferior ao de calquera varón e que deberá atender ademais os labores no fogar.

A incorporación da muller ao traballo -dividido en «oficios» ou «artes»- realizouse a miúdo a través da asociación familiar: a muller axuda ao seu marido no oficio e máis tarde substituíralle (no caso de quedar viúva).

A industria máis característica desta época é a téxtil, onde a presenza das mulleres é maioritaria coma tecedoras, pero ademais hai outros sectores, como o da alimentación, onde tamén se fan notar: panadeiras, vendedoras de verdura, taberneiras, mesoneiras, cociñeiras...

En canto ao acceso á cultura, as nobres aprendían a ler e escribir e eran instruídas en linguas, música e ciencias. Para os estamentos máis baixos o acceso á cultura é moito máis difícil, e no caso do rural o analfabetismo era o natural para ambos xéneros.

No século XII xorden as primeiras universidades que, por suposto, estarían vetadas ás mulleres. Un exemplo cons-

titúeo unha moza en Polonia que, para asistir ás clases na Universidade de Cracovia, disfrazouse de home. Ao cabo de dous anos foi descuberta e expulsada.

No ano 1380 en París existían vinte e unha escolas para nenas. Noutras zonas de Europa constatouse que existían escolas mixtas que impartían ensino primario: aprender a ler, escribir e contar. Non podían acceder ao ensino secundario, polo que de querer continuar deberíano facer a través de profesores particulares.

No final do século XIII hai mulleres exercendo a medicina nas especialidades de cirurxía e coma oftalmólogas en varias cidades europeas: París, Londres, etc.

Ademais, as mulleres participan nas actividades dos oficios. En Francfort, entre os séculos XIV e XVI, as mulleres van participar en case 201 ocupacións, das cales monopolizaban 65, predominaban en 17 e igualaban en número en 38. En Estrasburgo, no s. XV, as mulleres figuran nas listas de traballo coma ferreiras, ourives, condutoras de carros e toneleiras. Máis dunha terceira parte dos tecedores da cidade que aparecen nunha lista de 1434 son mulleres. En Gante, no século XIV, as mulleres abundan entre os cobradores, prestamistas, hoteleiros, etc.

As mulleres galegas non están ausentes dos oficios. Por exemplo, no século XV, Elvira Pérez desempeñaba o oficio de especieira, boticaria, o que implica unha certa formación cultural que algunhas mulleres posuían por aquel entón. É posible que herdara o negocio do seu primeiro home, Afonso Pérez. En 1348 doou todos os seus bens ao convento de Santa

Clara de Santiago. Do mesmo século, Sancha Pérez, artesá que exercía ademais de comerciante da industria do calzado, exerceu de vendedora de tecidos en Mondoñedo. Ocupaba unha boa posición na sociedade mindoniense. No seu testamento dispuxo que o seu corpo fose enterrado na catedral entre o bispo Don Francisco e o seu irmán. Posuidora de varias herdades, repartiunas en obras benéficas e deixou importantes legados a diferentes persoas. Como último exemplo da actividade mercantil atopámonos en Vigo con María Figueroa, que malia estar nunha apurada situación económica tras a fuxida do seu home en rebeldía, introduciuse no mundo dos negocios: a través de empréstitos conseguiu facerse cun *stock* de mercadoría exportable e comezou a traficar en dúas direccións: peixe a Andalucía e tecidos a Inglaterra e Flandres.

A partir do século XVI as mulleres comezan a ser substituídas por varóns nos oficios que tradicionalmente desempeñaran. Son expulsadas dos gremios e cada vez lles resulta máis difícil atopar traballo nos oficios.

## A IDADE MODERNA

No século XVIII prodúcese a primeira Revolución Industrial. Nace un novo modelo produtivo que leva consigo o paso dunha economía agraria e artesá a outra na que imperará a industria e a mecanización, e que estará baseada na fabricación a grande escala. Este cambio provoca que a fábrica substitúa á familia como unidade produtiva.

Esta industrialización precisa de moita man de obra, o que favorece a saída das mulleres da casa e a súa entrada

no novo modelo produtivo. Son traballos manuais, secundarios e nada cualificados, e non hai que esquecer que esta incorporación ás fábricas estará condicionada por uns salarios moi inferiores aos dos homes, a unhas xornadas laborais excesivas, e a un desempeño do seu traballo fabril nunhas condicións insalubres.

Pola contra, o papel da muller da burguesía queda relegado ao matrimonio, ao traballo doméstico e á súa función reprodutora, o que na práctica supón que o traballo remunerado das mulleres será marxinal.

A identificación do traballo feminino con certos empregos e con man de obra barata institucionalízase e formalízase ao longo do século XIX, grazas aos discursos que xeran reformadores sociais, médicos e lexisladores.

Tratadistas ingleses coma Adam Smith e franceses coma Jean Batiste Say (SCOTT, 1993; TILLY, SCOTT), coinciden nos seus argumentos básicos:

- a) Os xornais dos varóns deben ser dabondo para manter as súas familias, o cal non só concedía máis valor ao seu traballo, senón que lle outorgaba ao varón o estatus de creador de valor na familia e de responsable, en última instancia, da reprodución.
- b) As mulleres quedan reducidas á categoría de esposas dependentes dos seus maridos traballadores; considéraselles menos produtiva e man de obra barata.

Os sectores onde existía máis presenza feminina é o sector téxtil e o de alimentación, por considerarse que eran os máis apropiados para a natureza das mulleres.

As fábricas de tabaco, repartidas por moitas cidades do Estado, empregarán a miles de obreiras, por exemplo en Sevilla, en 1849 dun total de 4.542 persoas empregadas, 4.046 eran mulleres.

Outro sector con man de obra feminina era o servizo doméstico, recurso económico das mulleres que emigraban dende o campo ou para aquelas que non conseguían outro emprego.

Non será ata finais do século XIX cando se comeza a regular o traballo nas fábricas atendendo ás reivindicacións dos sindicatos. No ano 1873 en España, por primeira vez as Cortes Xerais estudarán a regulamentación do traballo fabril das mulleres e dos menores. É unha regulación proteccionista debido a que tanto as mulleres coma os nenos eran máis febles e vulnerables. A lexislación de entón regulaba aspectos como a xornada de traballo e o subsidio de embarazo. En 1892 promulgábase unha lei que prohibía que as mulleres embarazadas desempeñaran traballos subterráneos.

Tamén será neste momento cando se queira chegar aos sectores profesionais máis cualificados e ás profesións de formación universitaria e profesións liberais.

Dentro do sector servizos, as mulleres de clase media comezan a ocupar empregos de secretarias, arquiteiras, telefonistas, mestras, dependentas de comercio...

A medicina será unha das primeiras profesións ás que accedan malia a resistencia dos varóns, que non dubidaron en espallar argumentos pseudocientíficos sobre a incapacidade biolóxica da muller. Será a sanidade o espazo

laboral máis feminizado por riba da docencia e debaixo do servizo doméstico.

No ano 1804 créase na Coruña a Fábrica de Tabacos que se convertería nunha das máis importantes de España. Catro mil mulleres traballaban nunhas condicións lamentables, cun salario tres veces menor que o que gañaba un obreiro dun mesmo sector.

Neste contexto xorde a conciencia da súa discriminación e comezan a mobilizarse para superala, dando os primeiros pasos con prudencia e con pouca repercusión pública ou institucional. As pésimas condicións de saúde laboral nas que desempeñaban o seu traballo eran públicas e notorias.

En 1891 publícase un artigo titulado *La mujer de hoy*, escrito por María Tell no que se dirixía ás mulleres *Vítimas da Explotación Capitalista* para que se animasen a defender as reivindicacións proletarias. O artigo foi publicado en dous xornais galegos: *El Obrero de Ferrol* e *El Corsario* na Coruña.

O 1 de maio de 1899 constitúese a *Sociedade de Socorros y Ahorro de las Porterías, Maestras y Operarias de la Fábrica de Tabacos de La Coruña* para atender as operarias retiradas, cuxa presidenta foi Josefa Carrera Aldao ata o ano 1923.

No ano 1916 as cigarreiras organizáronse en sindicatos e creouse a *Unión Tabacalera. Sociedade-Montepío de Obreras Cigarreras* de corte uxetista, cuxa presidenta ata o ano 1918 foi Ánxela Collado.

Emilia Pardo Bazán non ignora o traballo das súas veciñas e a súa novela *A Tribuna* (1879) está inspirada nestas traballadoras.

A industria conserveira é o primeiro sector industrial en Galiza. É un sector fortemente feminizado onde tamén se produce a segregación por sexos. Vigo será o principal centro conserveiro da Península, tanto polo volume de produción, coma polo alto número de factorías asentadas. A tarefa das mulleres nas plantas de transformación será a de facerse cargo de case todas as fases do proceso produtivo: limpar o peixe, cociñalo, enlatalo... Pola contra, os homes serán os encargados da folla de lata -soldadura- na última fase. Esta división do traballo supón certas diferenzas: primeiro, van estar destinadas a tarefas consideradas de baixa cualificación, e como consecuencia o salario a percibir será máis baixo cós salarios dos soldados. A contratación das mulleres estará condicionada ás campañas de pesca da sardiña (de xuño a xaneiro), mentres que para os obreiros a contratación será continuada.

Nos períodos de inactividade da fábrica a muller volve ao traballo doméstico que, por certo, sempre compatibilizou co traballo remunerado.

A principios do século XX a sociedade española é unha sociedade adicada maioritariamente á agricultura. O forte papel da Igrexa neste contexto impón xeitos de vida moi conservadores.

Unha gran maioría das mulleres que traballan, ou que están viúvas ou solteiras, permanecen ocupadas en profesións relacionadas co seu papel tradicional. Mestras, enfermeiras, empregadas domésticas, tecedoras ou mesmo as que axudan nos labores do campo.

A España de Afonso XIII caracterízase por ser un período de conflitividade social e inestabilidade política. Os anos que van dende 1918 a 1920 son anos de baixa produtividade, de aumento do paro e de diminución de beneficios. É unha época de folgas dos labregos e dos obreiros, de revoltas estudiantís, de protestas intelectuais, ás que tampouco as mulleres estiveron alleas.

A muller participa na vida política organizándose en sindicatos, onde forman parte das xuntas directivas, como por exemplo *A sociedade de Socorros Mutuos La Laboriosa*, de tendencia anarquista, constituída o 18 de marzo de 1917, cuxa presidenta foi Ángela González.

As cifras de mulleres analfabetas son altísimas, ao redor dun 44,4%.

*En Galicia moitas escolas de primeiras letras foron financiadas cos cartos da emigración. Nos trinta primeiros anos do século, os nosos emigrantes en América realizan en Galicia un feito de singular importancia e transcendencia coa creación de preto dun cento de fundacións escolares; parte delas darían lugar a varias realizacións escolares distintas. As "escolas de americanos" tiñan o seu destinatario principal nos varóns, aínda que non en exclusiva.*

*Texto para a Historia das Mulleres Galegas en Galicia.  
Consello da Cultura Galega.*

A lexislación vixente nese momento non favorecía en nada a integración social da muller en igualdade de dereitos. Por unha banda, a Constitución de 1876, no seu artigo

11, establecía que *“a relixión católica, apostólica e romana é a do Estado”* e engadía, *“non se permitirán, con todo, outras cerimonias nin manifestacións públicas que as da relixión do Estado”*. Outorgáballe así o Estado un poder a unha Igrexa Católica, obstaculizadora dende séculos do progreso en liberdade de xénero, e firme gardiá do seu sometemento e dependencia.

Por outra banda, o Código Civil de 1889 estipulaba no seu artigo 57 que *“o marido debe protexer á muller e esta obedecer ao marido”*; o artigo 59 engade *“o marido é o administrador dos bens da sociedade conxugal”*.

O Código Penal tamén é discriminatorio para a muller, pois contemplaba distintas penas para os mesmos delitos segundo sexan cometidos polo home ou pola muller, como por exemplo en caso de adulterio.

## A REPÚBLICA

A Constitución Republicana achegaba a posibilidade de igualdade entre ambos sexos. O artigo 40 resolvía a discriminación en postos oficiais: *“Todos os españois sen distinción de sexos, son admisibles nos empregos e cargos públicos, segundo o seu mérito e capacidade, agás as incompatibilidades que as leis sinalen. O artigo 46 declaraba que o traballo era unha obriga social e sería protexido pola lei que regularía os casos de seguro de enfermidade (...) O traballo das mulleres e dos mozos especialmente, a protección á maternidade, a xornada de traballo e o salario mínimo e familiar, etc”*. O artigo 43 falaba do matrimonio que se fundamenta na igual-

dade de dereitos para ambos sexos, e poderá disolverse por mutuo disenso ou a petición de calquera dos cónxuxes, coa alegación, de xusta causa. En 1932 apróbbase en España a Lei do Divorcio.

Neste marco de maiores liberdades, así como a concesión do voto político en 1931, posibilitaron a participación das mulleres no movemento político e a súa afiliación a organizacións feministas e de mulleres, como por exemplo a Agrupación Republicana Femenina da Coruña, que se creou o 13 de abril de 1933 e cuxa presidenta foi Juana Blanca; o grupo Colectivo Feminino Socialista de Ferrol ou o grupo Feminino do Partido Galeguista de Ourense.

A caída da República dará ao traste con este proceso de liberdade.

## O RÉXIME FRANQUISTA

As mulleres participaron activamente na Guerra Civil e na loita pola democracia. En Galicia son moitísimas as mulleres que deixan a vida a prol da liberdade. Entre moitas outras podemos nomear a Placeres Castellanos (Pontecaldelas 1896 - Vigo, 1971), Carmen Gómez Domínguez, Henriqueta Outeiro (Lugo, 1910 - 1989), Carmen Maceda Macía...

Os anos do franquismo foron anos de retroceso para as mulleres. Para a doma e castración feminina contárase coa axuda da Igrexa, outra vez omnipresente.

Se durante a República conseguiran o dereito ao voto e outros avances lexislativos, ademais da súa incorporación ao



mundo laboral, no novo réxime volveron ao fogar. As profesións de avogada do Estado, notaria, fiscal, xuíza ou diplomática estaban prohibidas. Homes e mulleres terán distintos papeis na vida, polo que a educación será adecuada a cada sexo e as escolas deixan de ser mixtas.

A sección feminina da Falanxe Española créase en 1934 baixo as directrices de José Antonio Primo de Rivera, e servirá para manter o novo réxime, sendo a encargada de complementar a formación das mulleres como *boas* amas de casa.

Por unha banda, procúrase que a muller abandone o traballo asalariado e pola outra feminízanse sectores produtivos (técnico, tabacos, enfermería...) O salario era moi inferior ao dos homes e as mulleres eran despedidas cando casaban.

Nos vindeiros anos cuarenta e cincuenta manterase a obriga da separación dos sexos nas aulas, e a obrigatoriedade de impartir *materias do fogar* en todos os cursos do nivel elemental. Manterase vivo o modelo católico de casta e abnegada esposa.

Nos anos sesenta iníciase a campaña nacional de Alfabetización dirixida a ambos sexos e nesta década prodúcese unha incorporación masiva de mulleres á Universidade. A elección de facultade non se decide polo sexo. Ciencias, Dereito e Medicina son as elixidas en maior medida, aínda que as mulleres predominan en Farmacia.

O maior acceso á cultura permitiu que as mulleres puidesen avanzar e afastarse dentro das limitacións do mo-

delo falanxista. Comezouse a valorar o traballo asalariado, o que lle concedeu unha certa dose de liberdade, ademais dunha toma de contacto con outras mulleres, que se ían decatando da súa situación.

## OS NOSOS TEMPOS

***A meirande parte das empresas fai "un cumprimento de mínimos das recomendacións do Código do Bo Goberno".***

*Nove das 35 empresas que compoñen o Ibex-35, é dicir, un 25%, non ten ningunha muller no seu Consello de Administración, segundo o V Informe sobre Xuntas Xerais de Accionistas. Democracia Paritaria (18.01.2010). [www.democraciaparitaria.com](http://www.democraciaparitaria.com)*

***O Goberno non aplica a súa Lei de Igualdade en 13 dos 17 ministerios.***

*Os datos do Goberno constatan que a presenza equilibrada entre mulleres e homes elúdese repetidamente na elección de altos cargos do Estado (11.08.2009). [www.democraciaparitaria.com](http://www.democraciaparitaria.com)*

***Galicia.- Só o 5% das empresas galegas dispón de planos de igualdade.***

*As centrais sindicais advirten que moitos convenios son ilegais e que é habitual acudir a traballo para incluír estas normas. (21.06.2009). [www.democraciaparitaria.com](http://www.democraciaparitaria.com)*

***Galicia.- O número de mulleres nas listas electorais achégase ao 50%***

*A lei de igualdade obriga ás organizacións políticas a presentar listas paritarias, é dicir, que a porcentaxe de mulleres non sexa inferior ao 40% nin superior ao 60%. Aínda que as organizacións políticas cumpren co mínimo legal, as femininas non logran superar aínda a barreira do 50% (21.01.2009). [www.democraciaparitaria.com](http://www.democraciaparitaria.com)*

***Por sectores de actividade as mulleres tiveron no ano 2006 un salario inferior ao dos homes en todos os sectores.***

*O salario medio das mulleres foi entre un 20% e un 30% inferior ao salario medio dos homes en case todas as comunidades autónomas. Por sectores de actividade, as mulleres tiveron no ano 2006 un salario inferior ao dos homes en todos os sectores. INE.*

Na Constitución Española de 1978 atópanse as bases legais para eliminar as desigualdades xurídicas entre homes e mulleres. O artigo 14 consagra o principio de igualdade de todos os españois diante da lei e prohibe calquera tipo de discriminación por razón de sexo, do mesmo xeito que afirma a igualdade dos homes e das mulleres no contexto familiar.

No seu artigo 9 establécese que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivos, e remover os obstáculos para facilitar

a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

O Estado debe legislar e establecer os mecanismos necesarios para previr as condutas discriminatorias e conquistar unha situación de igualdade real e efectiva.

Para o cumprimento do mandato constitucional levouse a cabo unha importante revisión legal co obxecto primeiro de eliminar aquela normativa que seguía a ser discriminatoria para as mulleres, e segundo actualizar o ordenamento xurídico abarcando todos os ámbitos de actuación: o social, o económico, o laboral e o político, e que se materializan en leis como a *Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno*; a *Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero*; a *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*. A esta lexislación estatal hai que engadirle as leis aprobadas nas diferentes Comunidades: *Lei galega, 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes*.

A participación das mulleres nos órganos de decisión e de goberno segue a ser aínda escasa, o que é incompatible cun estado democrático,

***porque é no elemento democrático do Estado onde descansan as esixencias de igualdade no plano político. O sistema democrático constrúese a partir do recoñecemento do pluralismo social e***



*parece claro que o seu funcionamento adecuado aos principios sobre os que se asenta impide calquera forma de discriminación no acceso ás instancias do poder. Non cabe admitir a plena vixencia dos postulados democráticos sen unha parte da poboación atopa os obstáculos que impiden a realización efectiva de igualdade nos ámbitos de decisión e representación.*

**Adoración Galera Victoria.** *Profesora de Dereito Constitucional na Universidade de Granada*

A democracia paritaria como forma de organización social e política na que existe igualdade de número e dereitos de distintos colectivos que compoñen a sociedade, e que deben formar parte dos órganos decisorios e de goberno.

*A idea de democracia paritaria parte de que a igualdade formal e real entre homes e mulleres é un dereito fundamental do ser humano, do recoñecemento do feito de que as mulleres constitúen o 50% da sociedade, a metade das intelixencias e as capacidades potenciais da humanidade, e por isto, a súa infrarrepresentación nos postos de decisión constitúe unha perda para o conxunto da sociedade.*

DECLARACIÓN DE ATENAS, 1992

*Adoptada no primeiro Cumio Europeo Mulleres no Poder, celebrada en Atenas o 3 de novembro de 1992*

## ORIXE DOS FEMINISMOS

Os feminismos son teorías e prácticas políticas baseadas na xustiza e que cuestionan a orde patriarcal establecida. Iníciáanse formalmente a finais do século XVIII -aínda que sen adoptar esta denominación-, e supón a toma de conciencia das mulleres como grupo ou colectivo humano, da opresión, dominación, e explotación de que foron e son obxecto por parte do colectivo de homes no seo do patriarcado baixo as súas distintas fases históricas de modelo de produción, o cal as move á acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que aquela requira.

As orixes dos feminismos como movementos colectivos de mulleres hai que situalas nos albores da Revolución Francesa. Entre os numerosos “Cahiers de doléances” (CADERNOS de queixas) que se publicaron entón con ocasión do anuncio de convocatoria dos Estados Xerais. Na Biblioteca Nacional de París poden consultarse estes folletos, que datan de 1788. Sullerot sinala tamén o folleto de Olympia de Gouges «Lettre au Peuple», anterior á «Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadá», desta mesma autora. (Histoire da Presse Femenine en France.)

Vitoria Sau. *Diccionario Ideolóxico Feminista*

### – Orixe. Contexto histórico. O Antigo Réxime –

O Antigo Réxime é un sistema político, social e económico no cal existe unha minoría- nobreza e clero-, que goza de privilexios económicos, políticos e sociais (ostenta todos os cargos públicos, non paga impostos, posúe unha lexislación á

súa medida, liberdade de expresión, reunión e relixión), e unha maioría –denominado o Terceiro Estado- que paga os impostos e non goza de ningún tipo de privilexio.

No caso das mulleres, ademais de non ostentar ningún dos privilexios anteriores, a súa función social limitábase ao doméstico: a procreación, o coidado dos fillos e fillas, e os labores do fogar, e a súa subordinación legal ao home, pai ou esposo.

Con todo, non se debe esquecer que antes da Revolución existiron mulleres que dende unha posición individual expuxeron reivindicacións a prol da igualdade feminina (un exemplo é a ilustrada española Josefa Amar cos seus libros *Importancia da instrución que convén dar ás mulleres* (1784) ou o *Discurso sobre a educación física e moral das mulleres* (1769).

### – A revolución francesa –

A Revolución Francesa foi o cambio político máis importante que se produciu en Europa a finais do século XVIII.

O obxectivo da Revolución Francesa non é outro que a abolición das diferenzas sociais e a consecución da igualdade xurídica, as liberdades e dereitos políticos. Os ideais de igualdade, de liberdade e de fraternidade serán os fundamentos da nova orde e neste contexto de transformación social as mulleres tomarán conciencia de colectivo oprimido.

O importante papel das mulleres na Revolución Francesa coincide coa súa vontade de participar como parte activa a favor dos cambios sociais que se avestiñaban e como parte

interesada ante, o que **Olympe de Gouges** denunciou como traizón dos homes no proceso revolucionario, o cal queda plasmado na multitude de accións políticas que levou a cabo.

En 1789, as mulleres xunto cos homes mobilizáronse e participaron activamente na Toma da Bastilla, a prisión do Estado e símbolo do despotismo e a represión real.

Os revolucionarios non prestaron atención ás reivindicacións femininas e, co triunfo da Revolución en 1789, axiña xurdiu unha contradición obvia: unha revolución que baseaba a súa xustificación na idea universal da igualdade natural e política dos seres humanos (“Liberté, Egalité, Fraternité”), negaba o acceso das mulleres -a metade da poboación-, aos dereitos políticos, o que en realidade significaba negar a súa liberdade e a súa igualdade respecto ao resto dos individuos.

Excluídas da Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán aprobada pola Asemblea Nacional en agosto de 1789, Olympe de Gouges en 1791 elaborou a Declaración da Muller e da Cidadá. Esta declaración supuña reafirmar o movemento feminista no proceso revolucionario.

*Reproducindo o gran documento programático da revolución, Olympe de Gouges denunciaba que a revolución se esquece das mulleres no seu proxecto igualitario e liberador. Así afirmaba que a “muller nace libre e debe permanecer igual ao home en dereitos” e que “a Lei debe ser a expresión da vontade xeral; todas as Cidadás e os Cidadáns deben contribuir, persoalmente ou por medio dos seus representantes, á súa formación.*

En [HistoriasigloXX.org](http://HistoriasigloXX.org).

Créase o xornal *L'Impatient* que a propia Olympe dixi-xe e nel expóñense as reivindicacións das mulleres: o dereito de voto, o dereito de exercer cargos públicos, o dereito de falar en público sobre asuntos políticos, o dereito de igualdade de honras públicas, o dereito á propiedade privada e o de participar no exército e na educación, e mesmo o dereito de igual poder na familia e na Igrexa.

En 1793 o movemento asociativo das mulleres canalizouse a través dos clubs. O máis importante é o club *Sociedade das Republicanas Revolucionarias*, fundado en 1793 e composto exclusivamente por mulleres, de carácter eminentemente político, e no que se discutían as ideas encamiñadas a mellorar a situación social da muller.

Os clubs de mulleres foron pechados polos xacobinos en 1793, e en 1794 prohibiuse explicitamente a presenza de mulleres en calquera tipo de actividade política. As que se significaran na súa participación política, fose cal fose a súa adscrición ideolóxica, compartiron o mesmo final: a guillotina ou o exilio.

O encarceramento e execución de Olimpia de Gouges durante o período da ditadura xacobina simbolizou o fracaso das reclamacións das mulleres durante a Revolución.

Aínda así, no desenvolvemento do proceso revolucionario as mulleres conquistaron a supresión do dereito de herdanza e a abolición dos privilexios da masculinidade, obtiveron igual dereito de sucesión que os homes e conseguiron o divorcio.

O Código Civil napoleónico (1804), no que se recolle-ron os principais avances sociais da Revolución, negou ás mulleres os dereitos civís recoñecidos para os homes durante o período revolucionario (igualdade xurídica, dereito de propiedade...), e impuxo unhas leis discriminatorias, segundo as cales o fogar era definido como o ámbito exclusivo da actuación das mulleres.

A partir daquel momento, en Europa Occidental e Norteamérica iniciouse un movemento, o feminismo, que loitou pola igualdade da muller e a súa liberación. Durante ese período, o principal obxectivo do movemento das mulleres foi a consecución do dereito de voto. Nacía así o movemento sufragista.

#### – O feminismo sufragista. O contexto histórico –

A Segunda Revolución industrial na década de 1870 supuxo unha aceleración do movemento feminista.

O novo sistema económico incorporou masivamente ás mulleres proletarias ao traballo industrial -man de obra máis barata e sumisa que a dos homes-, pero, na burguesía, a clase social ascendente, deuse o fenómeno contrario. As mulleres quedaron enclaustradas nun fogar que era, cada vez máis, símbolo do estatus e éxito laboral do home.

O feminismo sufragista lidérase fundamentalmente no mundo anglosaxón.

*O movemento internacional polo sufraxio feminino, levado a cabo polas chamadas sufragistas, foi un mo-*

*vemento social que promovía a extensión do dereito de voto ás mulleres.*

*O feminismo sufragista foi unha forma de feminismo burgués, posto que se concentrou na loita polo voto como se o voto e o sistema parlamentario occidental fosen a solución definitiva aos problemas do mundo. As sufragistas deron, no entanto, a medida de ata onde podían chegar as mulleres cando se dispuñan a dar a batalla, xa que utilizaron gran diversidade de medios para conseguir os seus obxectivos. Foron ridiculizadas porque se lles temía, pero quedaron na historia do feminismo como mulleres de intelixencia e valor.*

**Vitoria Sau.** *Diccionario Ideolóxico feminista*

Para outras autoras non debe entenderse que o dereito ao voto feminino fose a súa única reivindicación. Moi ao contrario, *as sufragistas loitaban pola igualdade en todos os terreos, apelando á auténtica universalización dos valores democráticos e liberais.*

Consideraban as sufragistas que coa consecución do voto e o acceso ao Parlamento poderían comezar a cambiar o resto das leis e institucións.

En Estados Unidos o sufragismo feminino está moi relacionado co movemento abolicionista. Arrinca cun congreso celebrado en Seneca Falls, estado de Nova York, en 1848. Os seus artífices, militantes antiescravistas, decidiron organizar aquel acto para tratar a problemática feminina despois de que se lles impediu participar no Congreso Mundial contra a Esclavitude celebrado en Londres. A negativa baseábase na su-

posta debilidade física que incapacitaba ás mulleres. Alí mesmo aprobouse unha Declaración na que se criticaban duramente as condicións sociais da súa situación subordinada, en especial a carencia de voto, e proclamábase a igualdade feminina.

O movemento está liderado por Susan B. Anthony, Lucy Stone e Elisabeth Cady, que forman parte da *Asociación Nacional Americana Polo Sufragio da Muller (National American Woman Suffrage Association)*.

En 1920 quedaba aprobada a XIX Emenda á Constitución que outorgaba o dereito de voto ás mulleres.

En Gran Bretaña existían dúas tendencias: a tendencia moderada da Unión Nacional de Sociedades de Sufragio Feminino (*National Union of Women's Suffrage Societies*), fundada por **Millicent Garret Fawcet**, e a máis radical, a **Unión Social e Política das Mulleres (Women' Social and Political Union)** fundada por [HYPERLINK](#); as súas compoñentes eran coñecidas como as "suffragettes".

Esta sociedade recorreu a todo tipo de accións reivindicativas, coma mitins que conseguían que fosen multitudinarios e manifestacións de protesta, utilizando moitas veces métodos agresivos coma a ruptura de escaparates, incendios de establecementos públicos, algún encadeamento nas portas do parlamento, desobediencia civil, negativa a pagar impostos, etc. Todas estas accións levaron ao cárcere a algunha destas activistas, que non dubidaron en declararse en folga de fame. Non faltaron tampouco as mortes, en concreto as acontecidas en novembro de 1911 nunha concentra-

ción ás portas do parlamento tras unha violenta intervención da policía.

En 1918, unha lei electoral outorgou o dereito de voto ás británicas de máis de 30 anos, e dez anos despois, en 1928, unha nova lei, a "Equal Franchise Act", permitiu que por fin, todas as mulleres maiores de idade gozasen do dereito de sufraxio.

Mentres tanto, en Europa, os países nórdicos, Dinamarca, Finlandia, Suecia, Noruega e Islandia, onde as condicións económicas, sociais e culturais propiciarian a aparición de núcleos feministas, houberon de agardar ata case o novo século para que se configurasen coma un movemento sufraxista, aínda que os seus resultados foron moito máis rápidos e rotundos.

Finlandia aprobou o voto en 1906 e o resto de nacións escandinavas outorgaríao xa no momento álxido do sufraxismo. En Noruega en 1913, ás portas da Primeira Guerra Mundial. En Dinamarca e Islandia en 1915. Suecia aprobaríao nos anos da posguerra.

En Austria experimentou un crecemento moi modesto ata 1880, orientado sobre todo a cuestións de emprego, ensino e asistencia social. A partir desta data, co avance dos socialdemócratas e os liberais, algunhas mulleres empezaron a mobilizarse polo dereito ao voto, como sucedeu nas eleccións municipais de Viena de 1890, momento de arranque do feminismo ideolóxico austríaco coa acción de protesta liderada pola mestra Augusta Fickert, que auspiciaría a *Asociación xeral de Mulleres Austríacas* (1893).

En Francia dúas mulleres, Hubertine Auclert e Madeleine Pelletier, desempeñaron un papel decisivo na evolución do movemento cara a formas máis enérxicas e combativas nas primeiras décadas do século XX. Ambas as dúas líderes, con algunhas das súas seguidoras, irromperon en distintas ocasións na Cámara dos Deputados e organizaron manifestacións en París que chegaron a violentos enfrontamentos durante as eleccións de 1908. Pero o seu labor non obtivo un apoio significativo nin de parte dun gran número de mulleres nin de parte dos partidos políticos

A cuestión do voto, foi debatida na Cámara de Deputados en 1919 e 1922, pero foi rexeitada.

O lastre do Código napoleónico e o conservadurismo dunha gran parte da sociedade francesa atrasarían longos anos a súa consecución. Tería que pasar outra guerra para que as francesas obtivesen un dereito que o seu país fora o primeiro en consagrar para os homes. A IV República aprobouno en 1946.

En España nas primeiras décadas do século XX debátese sobre dereito ao voto das mulleres. O 1 de Outubro de 1931 o Pleno do Congreso dos deputados aprobou o dereito ao voto das mulleres. O resultado foron 161 votos a favor e 121 en contra. Ratificouse o 1 de decembro nunha votación máis axustada: 131 votos a favor (o 28%) fronte a 127 (27%). O 45% dos deputados estaban ausentes da cámara. A tenacidade da deputada Clara Campoamor foi decisiva para este logro.

## A VIOLENCIA DE XÉNERO

*«A violencia contra as mulleres é un conxunto de actos que violan os dereitos humanos básicos das mulleres, ten consecuencias devastadoras para as mulleres que a sofren, traumatiza a quen a presencia, deslexitima aos Estados que non a impiden e empobrece as sociedades que a toleran.»*

Informes de Yakin Ertürk. Segunda Relatora Especial sobre a violencia contra a muller de Nacións Unidas. (E/CN.4/2004/66 e E/CN.4/2006/61)

Na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres celebrada en Beijing (China), en setembro de 1995, recoñécese que a violencia contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, impedindo que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

O artigo 1 da “Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller” das Nacións Unidas en 1993, considera que a violencia contra as mulleres é: “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto si se producen na vida pública ou privada”.

A violencia de xénero non é só un problema da vida privada, senón que é un problema social que se manifesta tamén no ámbito público. Ademais sinálase que é un acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, é dicir, que o principal condicionante é precisamente o feito de ser muller. O último informe da Organización Mundial da Saúde (OMS)

indica que o 68% das mortes de mulleres no mundo se deben á violencia de xénero.

O problema da violencia contra as mulleres é un problema grave, amplo e de enorme complexidade, ao ser un feito que vivimos a cotío, no traballo, dentro das familias, na escola e na sociedade en xeral. O sentimento de culpabilidade das propias mulleres contribúe a perpetuar a situación mantida. Os medios de comunicación, a utilización das mulleres como reclamo sexual nos anuncios publicitarios, a explotación sexual de nenas e mulleres, únense á ausencia dunhas leis adecuadas para a súa erradicación.

A violencia contra as mulleres é mostra da relación de desigualdade entre homes e mulleres. O sistema sexo-xénero e o sistema patriarcal fixeron que moitos homes se sentisen superiores ás mulleres, utilizando a violencia como modo de impoñer normas e maneiras de establecemento das relacións.

### 3.a. PALABRAS CLAVE

#### Acceso a postos de decisión

A presenza das mulleres nas esferas do poder político, económico, etc., é moi recente e aínda escasa, o que fai que as súas posibilidades de **incidir, intervir e participar** se vexan moi reducidas. Por iso, as mulleres están demandando un maior protagonismo nos procesos de decisión, de xeito que se teñan en conta a diversidade e pluralidade dos distintos intereses e situacións que lles afectan.



A Unión Europea, no seu *IV Programa de Acción Comunitario*, contempla no seu obxectivo 4 "o fomento dunha participación equilibrada dos homes e das mulleres na toma de decisións".

### **Ámbito produtivo**

Definido por oposición ao espazo reprodutivo, fai referencia ao lugar da "actividade produtiva" da economía mercantil e formal; ao espazo no cal se realiza o proceso de produción de bens e a produción orientada ao mercado. Os produtos producidos nel teñen un valor de cambio.

### **Ámbito reprodutivo**

Co desenvolvemento da industrialización prodúcese por primeira vez a separación radical dos ámbitos ou espazos de produción e reprodución. Definido por oposición ao espazo produtivo, fai referencia ao lugar da actividade non produtiva, da economía non mercantil e non formal, ao espazo no cal se realiza o proceso da reprodución das persoas e a produción de bens para uso privado. A produción que se realiza nel ten un valor de uso.

### **Androcentrismo**

Visión do mundo e das cousas dende o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida de todas elas, ocultando e facendo invisible todo o demais, entre elas as achegas e contribucións das mulleres á sociedade. Unha visión androcéntrica presupón que a experiencia

masculina sería "a universal", a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.

O androcentrismo, un dos prexuízos máis graves e limitadores que padece a sociedade actual, impregna o pensamento científico, filosófico, relixioso e político dende hai milenios.

### **Bruxas ou sabias**

Mulleres ás que se lles atribuía saberes extraordinarios. Os coñecementos das bruxas ou sabias relaciónanse dende a Antigüidade coa sexualidade, a natalidade e a fertilidade dos animais e das plantas, e remóntanse ás orixes da civilización patriarcal.

A súa persecución non se atopa en todas as culturas. Dende finais do século XIV ata entrado o século XVII rexistráronse milleiros de execucións por toda Europa, a maioría condenadas a ser queimadas na fogueira.

### **Democracia paritaria**

Forma de organización social e política na que existe igualdade de número e dereitos dos distintos colectivos que compoñen a sociedade, e que deben formar parte dos órganos decisorios e de goberno.

### **Desigualdade. Falta de Igualdade**

A Desigualdade entre os sexos ten a súa orixe no sometemento das mulleres ao poder exercido polos homes

nunha sociedade na que as tarefas asignadas ao sexo feminino son consideradas como de menor valor.

### **Determinismo biolóxico**

Corrente de pensamento filosófico que, baseándose en diferenzas naturais inmutables, argumenta e xustifica a desigualdade dos sexos. Supón que estas diferenzas biolóxicas constitúen unha influencia insalvable que predestina os comportamentos e funcións dos dous sexos. Neste sistema considérase que a muller está ligada a funcións naturais e comportamentos pasivos, mentres que o home posúe a capacidade de raciocinio e comportamentos activos.

### **División sexual do traballo**

Repartición social de tarefas en función do sexo, que se traduce nunha xerarquización en canto á valoración social e económica outorgada ás funcións que cada sexo desempeña. Esa valoración realízase en prexuízo das mulleres e trádese nunha manifesta desigualdade entre os sexos.

### **Dobre xornada**

Condición á que se ven sometidas as mulleres que desempeñan un traballo remunerado en horario laboral e que ademais deben desenvolver todas as tarefas que implica o traballo reprodutivo e que non é compartido polos seus compañeiros.

### **Espazo público**

Identifícase co ámbito produtivo, co espazo da actividade onde ten lugar a vida laboral, política e económica; é o

lugar da participación na sociedade e do recoñecemento. Foi neste espazo onde se situaron os homes.

### **Familias**

En sentido amplo, enténdese por familias o conxunto de relacións de parentesco en liña directa e indirecta. En sentido restrinxido son as unidades de convivencia nas que se desenvolven tarefas de atención e coidado de persoas, e que constitúe o núcleo principal de socialización onde se transmiten pautas de comportamento e roles ás e ós menores -no caso de que haxa-, que pertencen a esta.

Os modelos de familias atópanse historicamente condicionados, dependendo do contexto socioeconómico no que se desenvolven. Na industrialización as esferas pública e privada sepáranse por completo, adxudicando aos homes o protagonismo na pública.

### **Feminización**

Proceso que se produce en situación onde a presenza de mulleres é máis elevada con respecto á dos homes. Neste fenómeno inflúe o proceso de socialización na construción da identidade individual e os estereotipos que destinan ás mulleres a esferas diferentes que aos homes. Deste xeito, prodúcese unha clara segregación que xera a desigualdade entre os sexos, entre outras razóns porque as actividades asociadas ás mulleres se valoran menos cás dos homes.

O cambio de actitudes tanto de mulleres como de homes, a redistribución do traballo doméstico, a lexislación igualitaria, a posta en marcha de políticas de igualdade, a me-



llora da cualificación profesional das mulleres, o incremento continuo da poboación activa feminina e a súa maior permanencia no ámbito produtivo, abren novas perspectivas para redefinir o papel das mulleres na sociedade.

### **Igualdade de dereito**

Igualdade formal diante da lei. Equiparación de homes e mulleres mediante medidas lexislativas.

Nos países europeos de réximes democráticos é despois da Primeira Guerra Mundial cando se restaura o principio de igualdade diante da lei e recoñécese ás mulleres o dereito á educación, ao traballo retribuído e ao voto.

En España, o principio de igualdade legal non se consagra ata a Constitución de 1978.

### **Igualdade de feito**

Paridade entre homes e mulleres real e efectiva. A soa promulgación da igualdade legal non basta para cambiar os costumes e estruturas da desigualdade. O mecanismo de acción positiva ten como fin traballar activamente e contrarrestar as desigualdades de partida, para que a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres sexa unha realidade.

### **Igualdade de xénero**

Enténdese como unha relación de equivalencia no sentido de que as persoas teñen o mesmo valor, independientemente do seu sexo, e por isto son iguais.

Segundo **Celia Amorós**: *A igualdade de xénero é o concepto normativo regulador dun proxecto feminista de transformación social.*

As dúas épocas históricas precedentes que trataron sobre a igualdade de xénero foron a grega e a francesa, aínda que o fan de xeito excluín-te con respecto ás mulleres.

A igualdade non excluín-te entre sexos desenvólvese na Ilustración francesa a través das obras de Condorcet e Olympe de Gouges, aínda que xa en 1673 Poulain de la Barre publicara *Da igualdade dos dous sexos*. Con todo, a teoría dominante nesta época representada por Kant e Rousseau, consideraba ás mulleres pertencentes á especie humana pero sen estatuto pleno de suxeitos.

A idea de igualdade foi protagonista durante anos na meirande parte das reivindicacións de mulleres e dos movementos de mulleres.

O principio de igualdade entre homes e mulleres é un dos que menos evolucionou en canto ao que significa o recoñecemento dos dereitos e liberdades fundamentais. Os dereitos humanos seguen a ser vulnerados e con especial impunidade os das mulleres.

### **Malos tratos**

Multiplicidade de prácticas que os homes exercen no cotiá e que violentan e minan a autonomía, a dignidade e a integridade psicolóxica ou física.

## **Matriarcado**

Pódese definir por oposición ao patriarcado como unha organización social onde a autoridade a exercen as mulleres.

## **Patriarcado**

O patriarcado é un sistema xerárquico que se nutre do machismo, e que está baseado na dominación dos homes sobre as mulleres, e en xeral, sobre as persoas máis febles, no que, en base a diferenzas discriminatorias, establécense relacións bipolares (os homes relegan ás mulleres); dicotómicas (os sexos exclúense mutuamente); e xerárquicas (masculino sobre feminino).

A dominación implica a exclusión das mulleres das estruturas activas de dominio/poder, como son a familia, a Igrexa, a política, a cultura e os medios de comunicación, etc.

## **Plans de Igualdade**

Estratexias encamiñadas a acadar a participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade mediante a definición duns obxetivos que se concretan en actuacións a curto e a medio prazo. As actuacións implican ás diferentes entidades da administración pública e aos axentes sociais.

## **Saúde**

Estado de completo benestar físico, mental e social, non só ausencia de enfermidade. No ano 1996 recoñeceuse

que a violencia en xeral, e a violencia de xénero en particular, son un problema de saúde pública. *Oganización Mundial da Saúde*.

## **Violencia de xénero**

Enténdese por violencia de xénero calquera acto de violencia ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de poder dos homes sobre as mulleres, e de uso xeneralizado da violencia como forma de relación entre as persoas, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

## **Xénero**

As investigacións feministas dos anos 70 mostran que o concepto de sexo non é válido para explicar as diferenzas de actividades entre homes e mulleres nas distintas culturas ao longo da historia. Elabórase e introdúcese entón o concepto de xénero como categoría de análise que permite diferenza e afástase o biolóxico, atribuído ao sexo, do cultural, determinado polo xénero.

Gerda Lerner sinala que o xénero “é a definición cultural da conduta que considera apropiada aos sexos nunha sociedade e nun momento determinado”.

O xénero é, en consecuencia, “construcións sociais” que varían dunhas sociedades a outras e duns tempos a ou-

tros, polo tanto, como tales, susceptibles de modificación, reinterpretación e reconstrución.

## 4 ACHEGAS PROFESIONAIS SOBRE O EFECTO DA VIOLENCIA

CARMEN CLAVERÍA PRADA (Psicóloga clínica):

Cando unha muller logra rematar cunha relación de violencia, é a manifestación do final dunha historia en que chegou a tolerar o intolerable, a costa da súa anulación como persoa. A tensión crónica que implica os malos tratos é un factor de risco para a saúde, xa que ao producir alteracións do sistema inmunolóxico e neurohormonal, desencadea unha maior vulnerabilidade a padecer enfermidades ou a empeorar as xa existentes.

Nese final é cando podemos comprobar as secuelas psico-físicas e sociais que o proceso violento desenvolveu na muller maltratada: dores crónicas, alteracións do sono, desordes alimentarios, problemas gastrointestinais, consumo de substancias, depresión, ansiedade, baixa autoestima, illamento afectivo e social, esgotamento, sentimentos de culpa, pensamentos intrusivos, dificultades de concentración, malestar psicofisiolóxico ao lembrar os feitos, nivel elevado de alerta e irritabilidade con respostas de sobresalto por sentirse ameazada, sentimentos de estrañeza con bloqueo da afectividade, sentimentos de desesperanza e/ou sen carga.

A ampla sintomatoloxía que presenta a muller maltratada segundo Leonore Walker responde a un tipo de trastorno por tensión postraumática con perturbacións cognitivas e de memoria, de evitación e de ansiedade incrementada, no cal a clase de vínculo traumático (Painter e Dutton, 1985) que

se establece entre a parella; a persoa agredida, ao crese totalmente dependente da agresora, deféndese negando a evidencia da traizón, xa que ao non querer saber ou lembrar que é maltratada permítelle protexer esa relación.

O mecanismo de non ver, de non ser consciente, de querer crer o que se sabe que non é certo, é vivenciado como necesario para a supervivencia.

Para manter esta actitude, deféndese anulando a capacidade de conectar coas repercusións emocionais internas que o exercicio da violencia física, psicolóxica, social e/ou sexual do maltratador lle produciron.

Desconectar dos sinais que lle informan de emocións sumamente dolorosas: a súa angustia, o seu medo, os seus sentimentos de culpa, de vergoña, de humillación, de desamparo, de desvalorización, de impotencia, de soidade, de desilusión, de desesperanza e de tristeza, é imprescindible para non ver a verdade inaceptable da súa realidade.

Este proceso de negación da muller do seu mundo emocional e da súa valía persoal ten como consecuencia a idealización do maltratador, que explicaría o mantemento dunha relación de malos tratos e, segundo Painter, está coexionada coa forza do vínculo continuado tras a terminación da relación.

Cando a muller saíu da relación de violencia manifesta outras dificultades: como é o doloroso recoñecemento de ser muller maltratada, os sentimentos de fracaso, de culpa e de vergoña por non saber evitar a violencia, determinantes para que proxecten cara ao futuro a mesma vivencia de inca-

pacidade para iniciar unha nova vida, para afrontar as dificultades que a súa situación lle presentará.

E xa iniciado o camiño da autonomía persoal, o estado psico-físico da muller maltratada evidencia o proceso de deterioro que a relación produciu, independentemente do tempo en que se mantivo.

Cando a gravidade e profundidade dos síntomas é maior, obsérvase que teñen dependencia directa das condicións evolutivas en que se construíu a súa identidade persoal e/ou situacións vividas de violencia, abusos ou abandono na infancia.

A historia persoal é determinante no grao de vulnerabilidade, para establecer vínculos de sumisión, sometemento e dependencia afectiva, actitudes que sitúan á muller dentro dunha relación de parella para padecer malos tratos.

Estas dinámicas persoais serán os parámetros que farán máis custoso o proceso de desapego emocional, con respecto ao maltratador e á forma de emprender no tempo a etapa de recuperación da súa estima e autonomía afectiva.

É neste punto que a realidade nos informa que esta historia comezou na infancia; aí atoparemos como a interrelación das causas predispón a recibir maltrato nos vínculos afectivos e relacionais.

Das experiencias persoais nos primeiros anos de vida que conforman a construción subxectiva da identidade, da calidade dos estímulos familiares e sociais como abastecedores afectivos, dependerá que se desenvolva ou o sentimento interno de valoración e de confianza necesario para construír

un eu con autonomía e independencia emocional, ou o de desvalorización, de non aceptación e de falta de autoestima que constrúe os cimentos da dependencia, a sumisión emocional e a procura da aprobación e seguridade nos demais.

Na construción subxectiva da identidade, que depende dos vínculos afectivos e relacionais persoais e sociais, a modo de espello reflíctese a interiorización da violencia, configurando o maltrato interno.

Sobre esta dinámica indicativa de debilidade *yoica* na identificación psicosexual, internalízanse os mandatos de xénero presentes no ámbito familiar, os modelos de muller e de home a través dos valores e crenzas que transmiten os roles materno e paterno que reconfirman o sistema de poder e violencia do modelo social.

Neste proceso de armazón vital entre as experiencias persoais dentro dun contexto social atopamos as razóns que ao retroalimentarse dificultan o feito de romper unha relación de malos tratos e manteñen á muller ancorada a este vínculo:

- As fantasías que ten a muller proxectadas no futuro, apoiadas nas promesas e as condutas acolledoras que se seguen aos malos tratos do maltratador, de que el cambiará, que volverán ser a parella dos comezos da relación.
- As crenzas sobre o amor, que impliquen que o seu valor está na entrega total ao outro.
- Sobre o rol da muller que debe ser paciente e aguantar, o cal conduce a xustificar as condutas agresivas do home, a emprender a tarefa de responsabilizarse

en axudalo crendo que el depende das actitudes dela para cambiar, imaxinariamente síntese poderosa ao inverter os roles, é el quen "lle dá pena", é el "o que a necesita".

- Os guións traumáticos que se incorporaron, a maioría de forma inconsciente, a través de situacións padecidas de malos tratos (psíquicos, físicos ou abusos sexuais) na infancia, que quedan identificados coma normais dentro dos vínculos afectivos, e que se volven repetir ao colocarse a muller no lugar de vítima dentro da relación de malos tratos.

A historia de malos tratos na infancia configura unha secuencia de vivencias traumáticas que alteran o desenvolvemento neurofisiolóxico, intelectual e emocional na construción da identidade, provocando trastornos que debilitan a personalidade, o que favorece na muller un sentimento de incapacidade persoal, que xerará o guión de que "como son así, que non valgo, que son rara, ninguén me vai a querer ou aguantar coma el".

- A falta de diferenciación persoal, do recoñecemento de límites entre o eu e o outro facilitan na muller que se deixe invadir o seu espazo persoal xa que os aspectos de seguridade, de aceptación, de estima, de valoración propia dependen do home.

Unha vez que a muller maltratada quere dar por rematada esta historia de malos tratos, inicia dous procesos, un

sumamente difícil ao ter que afrontar situacións externas es-tresantes que pon a proba o seu grao de fortaleza persoal, e ao mesmo tempo outro moi doloroso que é o encontro coa súa realidade interna.

Neste encontro, a muller que foi maltratada faise consciente dos sentimentos de humillación, de vergoña, de anulación, de culpa, de dependencia, de desvalorización, de frustración, de medo, de desasosego, de desesperanza, de angustia, de tristeza, sentidos dentro da relación, que non foron tidos en conta e das vivencias actuais sen carga, de confusión, de perda, de incerteza e de resentimento e rabia cara ao maltratador e cara a ela, co agregado de sentirse culpable e avergoñada por telo permitido.

Dentro deste proceso de recuperación da muller ten que aprender a coñecer, a escoitar, a respectar, a valorar e a coidar as súas emocións. Estas actitudes son as que nutren a estima persoal e as que desenvolven o bo trato interno, o sistema preventivo e inmunitario máis eficaz para combater o maltrato nos vínculos afectivos.

---

CRISTINA PINÍN GARCÍA (Médica de Atención Primaria).

*Intervención e perspectiva sanitaria.*

A Violencia de Xénero (en adiante V.X.) entendida como as agresións físicas, sexuais ou psicolóxicas por parte do varon á muller, no contexto dunha relación sentimental actual ou pasada é un problema numérico de gran magnitude e cu-nhas extraordinarias repercusións sobre a saúde física, social

e psicolóxica de quen a padece, e da súa familia con especiais repercusións sobre a saúde futura e o desenvolvemento dos fillos e fillas, que deixa ademais secuelas físicas e psíquicas du-radeiras.

Ao longo destes anos producíronse cambios positivos no seu recoñecemento, pasando de ser un problema “do ám-bito privado” a un problema social e sanitario de primeira orde.

Durante moito tempo permaneceu coma un pro-blema infradiagnosticado, do que transcendían uns poucos casos, que supoñían só a punta do iceberg dun gran fenó-meno oculto.

Os médicos e médicas compartían coa sociedade de-terminados *mitos ou crenzas erróneas* que limitaban o seu coñecemento:

- 1- A crenza de que era un fenómeno excepcional pouco frecuente ou inexistente nas relacións “nor-mais”.
- 2- A asociación de V. X. a capas sociais desfavorecidas ou pertencentes a baixos niveis social, económico ou cultural.
- 3- A V. X. ou o maltrato dentro da parella como algo “pertencente ao ámbito da vida familiar e privada”, e polo tanto non susceptible de intervención.

Nos últimos 10 anos, a expansión do fenómeno foi causa e consecuencia de importantes cambios, relacionados

coa visión social global e sobre todo co desenvolvemento de actuacións, nos ámbitos policiais, legais, xudiciais e sanitarios, dende o enfoque multidisciplinar e coordinado.

A sociedade acadou maiores niveis de sensibilidade e baixou a súa tolerancia e permisividade cara á violencia.

As mulleres vítimas de V. X. hoxe están máis protexidas legal e socialmente, e dispoñen de máis recursos sociais, económicos e laborais de apoio no camiño para a recuperación da súa vida persoal social e familiar.

No ámbito sanitario tamén se producen cambios. En 1998 a OMS declara a V. X. unha prioridade en saúde; nese mesmo ano en España a comisión interterritorial do Sistema Público de Saúde elabora o “1º Plan de actuación contra a V. X.”. Desde entón, fóronse sucedendo a elaboración de documentos, guías e protocolos nos que se dan as “recomendacións” para a intervención dos e das profesionais sanitarios. A maioría dos planes de formación continuada inclúen nos seus programas temas de Violencia de Xénero e son múltiples os estudos de investigación que no campo sanitario se están levando a cabo.

## IMPACTO NA SAÚDE

A V. X. ten un grande impacto sobre a saúde física, psíquica e social de quen a padece e graves efectos sobre a vida dos seus fillos e fillas, tanto durante o tempo en que se produce como no seu futuro, condicionándolles posteriores condutas, de agresores ou vitimarios, ben por reproducir o aprendido ou por desenvolver tolerancia ante a agresión.

Na saúde física preséntanse as consecuencias derivadas das agresións en forma de golpes, traumatismos diversos, fracturas, interrupcións de embarazo e morte. Noutras situacións, enmascárase baixo outras formas clínicas como depresión, ansiedade, irritabilidade, abuso de drogas, somatizacións e dores crónicas.

Aos danos físicos engádense os non menos importantes danos na esfera psíquica, que ás veces condicionan de por vida a vida afectiva e da relación social da muller, derivados dos mecanismos que se establecen durante os anos de convivencia para exercer a dominación masculina.

Durante os anos que a muller permanece xunto á súa parella, este establece un “círculo de poder e control” sobre ela con accións como:

- uso de malos tratos emocionais, críticas, humillacións, culpabilización.
- illamento social: limita e controla o que fai e con quen.
- uso de malos tratos económicos: controla os cartos ou impide que obteña ou atope un traballo.
- minimización ou negación dos malos tratos.
- ameazas ou coaccións continuas.
- chantaxe con utilización dos fillos e fillas.

Con todo isto consegue crear na muller sentimentos de culpa, vergoña e un progresivo illamento social. Cunha



perda total da AUTOESTIMA que conduce á AUTOANULACIÓN PERSOAL, nesta situación a muller non pode ou crese incapaz de escapar da relación violenta. Os sentimentos propios anuláanse para estar máis pendentes dos del e das súas necesidades.

Ademais, como medida de autoprotección, ela estreita os seus vínculos co agresor e mesmo o defende, sendo esta unha resposta primaria de supervivencia coa que pode salvar a súa vida ou a da súa familia. Cómpre lembrar que a maioría das mortes acontecen cando ela comunicou a súa intención de separación ou despois desta.

Nestas circunstancias créase o círculo vicioso que favorece que a violencia se autoperpetúe.

*As secuelas ou efectos a longo prazo* (síndrome de estrés postraumático), preséntanse como unha constelación de síntomas que configuran unha “personalidade” discapacitante para a vida posterior marcada por trazos como:

- **sentimentos de baleiro e desesperanza con frecuentes ataques de rabia ou cólera.**
- **sentimento permanente de vivir continuamente ameazada.**
- **embotamento e desapego afectivo dos demais.**

A historia natural da V. X. constitúese en fases que, pasando dunha a outra, pechan un círculo que conforma “o ciclo da violencia” e que se repetirá cíclicamente ao longo da vida en común.

Na 1ª fase de “construción da violencia” danse as ameazas verbais, coaccións, hostilidade, humillación e control económico e afectivo, e créase a dependencia, o illamento social e a perda da autoestima. Esta fase segue á “fase de estalido da violencia”, precipitada, ao principio, por algún acontecemento, é agora cando ten lugar o episodio violento.

Posteriormente, na “fase de reconciliación” o agresor descúlpase ou arrepiéntese, vólvese cariñoso e dependente, conseguindo así o perdón e a reconciliación e creando a esperanza de que non volverá acontecer máis. Péchase o círculo que se repetirá en múltiples ocasións, sendo cada vez os períodos máis curtos, e os ataques violentos máis intensos.

Os profesionais sanitarios temos a oportunidade, xa que coñecemos e tratamos coas mulleres, de xeito lonxitudinal, de intervir ao longo deste proceso, pero habitualmente adoitamos facelo na fase do estalido da violencia e fracasamos na identificación das fases silenciosa desta.

Diversas razóns, tanto por parte da muller coma dos médicos e médicas, dificultan este recoñecemento.

*As barreiras identificadas* nos e nas profesionais sanitarios relaciónanse fundamentalmente con:

- 1- **Medo a comprometer a relación médic@-paciente, “medo a ofender”:**

**Aínda cando sospeitamos dunha relación de violencia, é probable que a muller o queira ocultar e pen-**



samos que as nosas preguntas neste sentido poden supoñer unha agresión á súa intimidade, causándolle un maior sentimento de vergoña, ou que considere estas como un abuso de confianza, que poña en perigo a nosa relación.

- 2- Dificultades intrínsecas para a abordaxe de “temas difíciles”.
- 3- “Falta de tempo”: entendendo que indagar neste difícil tema levará consigo unha continuidade ao longo do tempo e probablemente con escasos resultados.
- 4- Sentimentos de impotencia ou frustración ao observar a nosa incapacidade para modificar a escasa posibilidade que teñen para controlar as súas vidas ou o rexeitamento que ofrecen a abandonar a relación violenta.

*Outros factores* dependen da muller:

A muller adoita solicitar axuda nos servizos sanitarios e revelar a causa da agresión cando tomou a decisión de abandonar a relación.

Ata entón preferiu mantelo no anonimato, e non está disposta a revelalo, ben, porque aínda non está preparada para tomar decisións, porque se atopa nunha fase de autoanulación e non ten esperanza, polo que o feito de facelo público pode diminuír máis a súa xa deteriorada autoestima.

Quizais está nunha fase de “reconciliación”. Neste caso e en tanto en canto continuará vivindo con el, manterá

tamén ante nós (como ante a súa familia e a sociedade), a imaxe de “aparente vida normal”. Dificilmente nos revelará, precisamente a nós, que formamos parte do seu ámbito máis próximo e de confianza, a súa situación, porque entre outras cousas tamén coñecemos, tratamos e posiblemente temos en bo concepto ao seu agresor.

Formúlase, coñecendo estas limitacións, e co obxecto de facer unha detección precoz, incluír sistematicamente preguntas achega dos malos tratos na historia clínica na poboación xeral pero, ata a data, inda que se recomenda, non hai evidencia da súa conveniencia ou dos seus beneficios, e a maioría dos médicos e médicas recoñecen non facelo.

## ACTUACIÓN

Cando a muller decida revelarnos a súa situación, a nosa máis importante contribución é axudala á “capacitación” para que ela tome as súas decisións; “nós non debemos decidir por ela” e todas as nosas accións baséanse en:

- **crer, comprender, recoñecer e non xulgar.**
- **respectar a confidencialidade.**
- **respectar a súa autonomía; ela márcase o ritmo e debemos respectar o dereito a tomar as súas propias decisións.**

O principal obxectivo é que ela recupere o control da súa vida. Precipitala a tomar decisións cando aínda non está preparada podería ser contraproducente, o que ocasiona maior sufrimento ou pon en risco a súa vida.

EN RESUMO, sombras e luces:

- A V. X. recoñécese como un problema de Saúde Pública e é unha prioridade nos plans dos Servizos de Saúde.
- Houbo un aumento importante en materia de formación; todos os plans de formación médica inclúen nos seus programas temas de V. X.
- As sociedades científicas e Servizos de Saúde teñen guías e protocolos nos que se dan as recomendacións e directrices que seguen os e as profesionais sanitarios.
- Hai unha evidente maior implicación e sensibilidade entre as profesións sanitarias e unha maior alerta para a detección precoz.
- O número de consultas por V. X. nos centros de saúde aumentou, o cal podería indicar: que máis mulleres decidiron abandonar a relación e/ou que esta decisión se produce antes.
- Existe un descoñecemento e escasa relación entre os e as profesionais sanitarias e os demais sectores implicados: servizos sociais, asistencia psicolóxica, redes sociais de apoio. O noso coñecemento sobre os recursos existentes é escaso.
- Temos dificultades para detectar a V. X. nas fases precoces, co que perdemos a oportunidade para intervir e interromper o ciclo da violencia.

## 5 ESTUDO

### 5.1. SITUACIÓN REAL DAS MULLERES GALEGAS – MARCO SOCIAL

#### GALICIA POLA IGUALDADE

Como xa vimos, a discriminación das mulleres estendeuse ao longo dos séculos e permanece ata os nosos días, aínda que non podemos negar aqueles avances que, non exentos de dificultades, se foron dando para cambiar esta situación. Dende a consecución do voto, o movemento feminista, a través das asociacións de mulleres, forzaron á elaboración de instrumentos que producirán un cambio indispensable nas áreas sociais, políticas, económicas e culturais. É este o único xeito de erradicar a desigualdade dos sexos e a procura dos dereitos denegados ás mulleres.

A incorporación das mulleres ao traballo é imparable e apuntamos cara adiante pero non exenta de obstáculos e moitas veces, cun alto custo persoal.

Enraizado o patriarcado, a discriminación das mulleres no mercado laboral é múltiple e maniféstase en diversos aspectos: a concentración do seu labor nun número reducido de actividades feminizadas: **o 54% das mulleres traballan no 13% das actividades**; nas ocupacionais o 54% das mulleres traballan no 13% das actividades; nos altos niveis de discriminación salarial, nas menores oportunidades no desenvol-

vemento da carreira profesional, nas altas taxas de desemprego, nos maiores índices de precariedade laboral, na temporalidade dos contratos, a menor presenza de mulleres no autoemprego e no mundo empresarial.

*En definitiva, malia a evolución da sociedade galega, as mulleres non puideron acceder ao mercado de traballo cos mesmos recursos e a mesma mobilidade que os homes, e ese mesmo feito impediulles competir en igualdade de condicións, contribuíndo a sustentar ese teito de cristal que na práctica imposibilita o acceso aos postos de responsabilidade e decisión que determina que as mulleres sexan desestimadas nos postos de maior salario e maior estatus profesional.*

Neste contexto, o goberno autonómico en 2005 elaborou e aprobou a Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia elaborada e que se engade ao ordenamento xurídico, ao igual que a Lei Estatal. Pretendendo cumprir o mandato constitucional de prohibir calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

Regula esta lei os Plans de Igualdade que serán de cumprimento obrigatorio para organismos autónomos e entidades públicas empresariais e voluntarias para as demais empresas.

Tamén establece a lei a obrigatoriedade dunha composición equilibrada da participación institucional dos sindicatos e das asociacións empresariais.

### **Outras normativas e iniciativas:**

#### **- Avaliación final do III plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas. 1998 - 2001.**

Avaliar un plan de igualdade permite medir o avance acadado, estimar a consecución dos obxectivos propostos na súa formulación, contrastar as metas definidas inicialmente cos resultados reais e finais, e deseñar novas actuacións e recomendacións en planificacións futuras para incidir en situacións persistentes de desigualdade.

- Decreto 181/2008, de 24 de xullo, polo que se regula o **Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais**, e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.

- Decreto 182/2008, de 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das **medidas municipais de conciliación** e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

- Dende a Comunidade artelláronse outros instrumentos como o **Servizo Galego de Igualdade**, un organismo autónomo da Xunta de Galicia, creado por Lei 3/1991, de 14 de xaneiro, que ten como obxectivo promover a igualdade de dereitos e a non discriminación entre homes e mulleres, a participación e integración das mulleres na vida social, cultural, económica e política de Galicia. Na actualidade está adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo establece o Decreto 325/2009, de 18 de xuño.

Dende este Organismo Autónomo elaboráronse *diferentes plans*:

**- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes. Ano 2002.**

A xustificación deste Plan na *adaptación e respostas que debe ofrecer o actual Goberno galego a unha realidade específica, a realidade dunha sociedade galega de principios do século XXI, en constante cambio e evolución, en concreto a realidade en termos de desigualdades de xénero das mulleres e dos homes que viven no noso territorio nacional e das galegas e galegos que se viron na obriga de emigrar.*

**- Plan de fomento da corresponsabilidade. Ano 2002.**

Obxectivo xeral: promover o cambio de papeis e estereotipos de xénero.

**- IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas 2002-2005.**


*Con este instrumento de promoción da muller, a Xunta de Galicia pretende consolidar os esforzos realizados para promover e seguir impulsando as políticas de igualdade, co fin de lograr o avance real das mulleres en todas as esferas da vida social, especialmente nos ámbitos da economía produtiva, do mercado de traballo e da toma de decisións.*

## AS GALEGAS EN CIFRAS

En Galicia hai unha poboación total de 2.796.089 habitantes, correspondendo a 1.349.603 a poboación masculina e a 1.446.486 a poboación feminina.




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2008



Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación de 1996.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2008.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2008.

**- Número de mulleres e homes na cidade de Vigo -**



Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Idade	Homes	Mulleres
0-4	5.790	5.352
5-9	5.915	5.509
10-14	6.944	6.595
15-19	8.778	8.395
20-24	11.959	11.690
25-29	12.710	12.814
30-34	11.583	11.814
35-39	10.381	11.230
40-44	9.865	11.170

45-49	8.821	10.342
50-54	9.083	9.952
55-59	8.133	8.898
60-64	5.946	6.697
65-69	6.287	7.803
70-74	4.782	6.667
75-79	3.150	5.419
80-84	1.791	3.530
85-89	828	2.180
90 e máis	293	1.090

Idade	Mulleres	Homes	TOTAL
de 0 a 15 anos	52%	52%	de 0 a 15 anos 40.125
de 16 a 64 anos	51%	49%	de 16 a 64 anos 205.497
de 65 e máis anos	60%	40%	de 65 e máis anos 49.991

#### – Nivel de estudos segundo o sexo – IGE 2001 –

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Non sabe ler, escribir	1.858	78,5	506	21,5	2.364
Menos de 5 anos de escolarización	31.106	65,0	6.951	35,0	20.057
Sen completar Bach. elemental, ESO ou EXB	31.315	56,0	24.550	44,0	55.865

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Bacharelato elemental, ESO ou EXB COMPLETO	31.523	49,0	32.801	51,0	64.324
Bacharelato superior, BUP/LOXSE, COU/PREU	17.625	50,0	17.753	50,0	35.377
FPI, FP grao medio, Oficiaría industrial	6.050	50,0	6.138	50,0	12.188
FPII, FP grao superior, Mestría Industrial	6.013	46,0	7.165	54,0	13.178
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería técnica	10.333	60,0	6.943	40,0	17.276
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería superior	8.941	51,0	8.726	49,0	17.667

#### – AS MULLERES E O MERCADO LABORAL –

*“Enténdese por división sexual do traballo, o reparto social de tarefas segundo o sexo” (AMORÓS, “100 palabras clave sobre mujer”.*

*Editorial Verbo Divino, terceira edición, 2000)*

Avanzamos ao longo do tempo e hoxe existe unha considerable distancia con respecto ás nosas devanceiras no referido á nosa incorporación ao mundo laboral e apuntamos cara adiante, tanto cuantitativamente como en condicións laborais máis favorables.

Como xa vimos ao longo da historia, as mulleres fomos utilizadas en conxunturas económicas desfavorables. Lembremos que na Segunda Guerra Mundial, por exemplo, a man de obra feminina substituíu nas fábricas aos homes que estaban na guerra, e unha vez de volta, as mulleres consideradas como unha ameaza para o emprego masculino, os estados procuraron a nosa volta ao traballo doméstico.

Mais non estamos libres de riscos: aínda se asume como propias as tarefas do fogar, o que supón por unha banda a dobre xornada laboral, con consecuencias na saúde tanto físicas coma psíquicas. Por outra banda, diante dunha crise económica tan grave como a que estamos a padecer, pode levar a que os gobernos reduzan os gastos sociais, como por exemplo as axudas a garderías ou as axudas para a atención das persoas maiores ou discapacitadas, e que sexan as mulleres as que substitúan ao Estado e abandonen o seu emprego para ocuparse dese coidado. Afastar ás mulleres do emprego exterior supón unha maior dependencia e menor protección social.

Un estudo de 2009 da Universidade de Santiago de Compostela, determinou que as galegas traballan en casa o dobre que os galegos; as mulleres dedicaríanlle cinco horas diarias ás tarefas domésticas, mentres que os homes só dúas horas e media.

María Xosé Rodríguez Galdo, catedrática da Universidade Compostelá asegura que *“a condición de traballadoras remuneradas non libera ás mulleres do traballo doméstico”*. *Só o 6,6% da poboación feminina logra librarse deles fronte*

*a un 32,2 % dos homes que recoñecen non ter feito nunca nada.*

Ademais, segundo este estudo, os estereotipos de xénero seguen a estar vixentes. Mentres elas priorizan as actividades culinarias ou o coidado dos fillos e fillas, eles adícanse á xardinería, reparacións ou o coidado dos animais.

Por outra banda, só o 5% das empresas galegas elaboraron e aplicaron un Plan de Igualdade.

### Os salarios

Segundo os resultados da enquisa cuatrienal de estrutura salarial 2006, o salario bruto anual medio por persoa traballadora nese ano foi de 19.680,88 €. O salario dos varóns foi de 22.051,08 € e o das mulleres de 16.245,17 €.

No ano 2007, pouco antes de aprobarse a “Lei galega de Igualdade no Traballo”, as mulleres galegas cobraban un 73% do salario que percibe un home que desempeña o mesmo posto. Un nivel que aumenta a medida que se eleva o grao de responsabilidade. Por outra banda, só un 85% dos contratos femininos en Galicia son indefinidos.

As mulleres en Galicia en 2007 supoñen un 50,2% da poboación activa, pero só son o 42,7% do total da afiliación da Seguridade Social. Os homes avantaxan ás mulleres en 16 puntos.

Un estudo de 2009 realizado polo Ministerio de Igualdade concluíu que as mulleres cobran 450 € menos cós homes en situacións laborais idénticas.



Engade que as diferenzas son maiores se se ascende na categoría profesional e nas comunidades nas que os salarios son máis elevados en termos xerais.

As maiores diferenzas salariais danse en Euskadi (717 €), Asturias(707 €) ou Aragón e Catalunya (701 €).

Por riba do promedio estatal están tamén Madrid, Navarra e Castela e León, mentres que as outras autonomías como Canarias ou as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, a diferenza está ao redor dos 300 €.

No ano 2010 en España, na véspera do día Europeo da Igualdade Salarial, a diferenza media de salarios entre homes e mulleres é dun 26,30%. É unha discriminación presente en todos os tramos de idade e en todas as ocupacións. O salario promedio anual feminino é de algo máis de 16.000 euros, mentres que os homes se sitúan nos 22.000 euros.

Estamos a falar da denominada brecha salarial, que repercute non só no presente senón tamén nas pensións das mulleres, por exemplo. Ao ritmo actual de equiparación de salarios, non se acadaría a igualdade real ata dentro de 475 anos.

Por Comunidades Autónomas, as maiores diferenzas prodúcense no Principado de Asturias e en Aragón, e as menores en Canarias e Extremadura.

A menor diferenza dáse en Canarias (15,4%), Extremadura (17,1%) e Castela-A Mancha (19,7%).

As mulleres galegas cobran un 73% do salario que percibe un home que desempeña o mesmo posto. Canto máis

é o nivel de responsabilidade, a diferenza tamén se incrementa.

No ano 2009, en plena crise económica, no que a afiliación sofre unha importante baixada por mor da destrución de emprego, o número de mulleres galegas afiliadas á Seguridade Social é de **369.568**, fronte aos **431.255** no caso dos homes; o que supón que as mulleres representan o **46%** da afiliación e os homes o **54%**.

### As cifras do paro

En contraposición á afiliación, atopámonos coas cifras do paro. En Galicia a cifra de persoas desempregadas ascende a un total **222.839**, dos cales 119.352 (53,56%) son mulleres. (Fonte Estatística de Emprego SISPE. Ministerio de Trabajo e Inmigración).

En Galicia, ata xaneiro de 2010 existen 294.429 demandantes de emprego, das cales un 53,0% son mulleres.

#### – Paro Rexistrado – Consellería de Trabajo 2008 –

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Menores de 25 anos	769	42,7	1.028	57,3	1.797
Outras idades	11.338	62,0	6.930	37,9	18.268



## A MULLER NA POLÍTICA GALEGA

Dende 1978 non houbo ningunha muller elixida como presidenta do Goberno Autónomo. O actual Parlamento Galego está constituído por 75 membros, no que acadan as mulleres un 39% de participación.

O numero de mulleres incluídas nas listas electorais ás eleccións do ano 2009 representaron só o 47% dos candidatos.

Os partidos políticos, malia a lei de igualdade que obriga ás organizacións políticas a presentar listas paritarias, cumpriron co mínimo legal. Segundo esta lei, a porcentaxe de participación non debería ser inferior ao 40% nin superior ao 60%, o que significa que nos últimos comicios as mulleres non superaron a barreira do 50%.

No ano 2009, das 11 consellerías do goberno galego, 4 están en mans de mulleres, o que supón unha participación do 36,36%, mentres que no ano 2008 a súa participación acababa o 40%.

Das trece Secretarías Xerais existentes, un 38% son ocupadas por mulleres, polo que se incrementa en 3 puntos con respecto ao ano 2006. Por outra banda, só o 21% das mulleres ocupan as Direccións Xerais, mentres que se mantén a mesma porcentaxe do ano 2006.

Dúas delegacións territoriais son desempeñadas por mulleres fronte ás tres delegacións desempeñadas por homes.

No ano 2009 ningunha das catro Deputacións Provinciais está presidida por mulleres. A participación feminina nas

Xuntas de Goberno é dun 12% na de Lugo; un 16% na de Ourense; un 9% na Coruña e dun 16% na Deputación de Pontevedra.

No ano 2003 a porcentaxe de alcaldesas era tan só dun 4,46%. Neste momento, das 314 Alcadías de Galicia, só o 7,96% están en mans de mulleres; con esta porcentaxe a nosa comunidade segue a estar na cola do Estado, xunto coas Illes Balears, cun 8,96. Hai que resaltar que ningunha das alcaldías das principais cidades galegas están presididas por mulleres.

### Outras Institucións:

#### • Valedor do Pobo

Dende que en maio de 1990 foi designado polo Parlamento Galego Don Xosé Cora, a titularidade desta institución nunca foi exercida por muller algunha.

#### • Consello Consultivo

A súa composición actual é de 14 persoas membras entre as que hai tres mulleres, que acadan un 21% de participación. O cargo da presidencia é desempeñado por unha muller, ao igual que o de Secretaría Xeral.

#### • Consello de Contas de Galicia

Ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego. Foi creado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de


Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 que regula a súa organización e funcionamento foi modificada posteriormente pola Lei 4/1986, do 26 decembro.

No seu pleno de 6 persoas membras non consta entre elas muller algunha.

Como conclusión, podemos dicir que malia todos os instrumentos elaborados e aprobados polos executivos para a erradicación da discriminación, aínda queda moito por facer.

## ESTUDOS ANTERIORES E GRÁFICAS DA SITUACIÓN ACTUAL

### Violencia de xénero



Fonte: Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial .2009



Fonte: Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. 2009

## Emprego de tempo segundo o sexo



A/ Coidados persoais.

B/ Traballo.

C/ Estudos.

D/ Mantemento do fogar.


E/ Xestión do fogar.

F/ Coidado dos nenos.

G/ Lecer pasivo.

Fonte: INE, IGE. Enquisa de emprego do tempo 2002-2003

## Últimos estudos referidos á saúde das mulleres galegas



Fonte: INE, IGE. Enquisa Nacional de Saúde.



A: Diagnóstico dunha enfermidade ou problema de saúde.

B: Revisión.

C: Consultas administrativas.

D: Outros motivos.

E: Non consta.

Fonte: INE, IGE. Enquisa Nacional de Saúde.



A/ Con depresión ou trastornos mentais.

B/ Con migraña ou dor de cabeza frecuente.

C/ Sen depresión ou trastornos mentais.

D/ Sen migraña ou dor de cabeza frecuente.

Fonte: INE, IGE. Enquisa Nacional de Saúde.

## 5.2.- ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ESTUDO

### 5.2.1. Elaboración das enquisas

Comezamos coa consulta dun número de estudos que tratan o tema da saúde e da situación social das mulleres na Galiza, e máis concretamente na cidade de Vigo, como por exemplo o IV Plan de Igualdade da Concellería de Igualdade ou as Guías técnicas de atención á Muller en situación de violencia de xénero, elaboradas pola Xunta no ano 2009.

Posteriormente, elaboráronse os cuestionarios que proporcionan a información sobre os seguintes parámetros:

- Características sociolóxicas.
- Situación da violencia de xénero vivida.
- Situación sobre a atención por parte dos Servizos Sanitarios.

### 5.2.2. A mostra

#### Suxeitos:

A mostra deste estudo está constituída por dous grupos:

- 1- O primeiro está formado por 50 mulleres que proceden das atencións realizadas pola Rede de Mulleres ao longo destes 10 anos. Son usuarias que sufriron violencia de xénero por parte das

súas parellas. O estudo céntrase na súa evolución, na situación de violencia vivida e na atención por parte dos servizos sanitarios en relación a esta problemática.

2- O segundo está formado polo persoal médico de Atención Primaria que aceptou colaborar respondendo ás enquisas, na totalidade dos Centros de Saúde de Atención Primaria de Vigo.

### Instrumentos:

Os instrumentos elaborados para a realización da avaliación son as enquisas que van adxuntas como anexos ao final do libro. Os ítems escolléronse conforme á recollida da máxima información sobre a situación e evolución das mulleres, e a relación que elas teñen coa atención sanitaria.

### 5.2.3. Resposta de cada colectivo

Existiron certas complicacións que dificultaron que o proxecto cumprise a totalidade das previsións. O comportamento das persoas entrevistadas foi positivo, inda que o colectivo médico ocasionou máis obstáculos dos previstos no relativo á súa propia mostra.




Dentro do colectivo das mulleres entrevistadas existiron dificultades en canto a contactar con elas, debido aos seus cambios de domicilio.




## 5.3.- ANÁLISE DE DATOS

### 5.3.1.- Enquisas

#### Resultados das enquisas realizadas ás mulleres entrevistadas












**A onde acudiches para saír da situación de maltrato?**



**Realizas algún tipo de curso ou actividade?**




**Canto tempo pasou ata que pediches axuda por primeira vez?**




**En caso, afirmativo de que tipo?**




**Sufriches ou presenciaches malos tratos na túa infancia?**




**Cánto tempo sufriches violencia de xénero?**




**A que idade sufriches a primeira agresión?**









**Acudes moi frecuentemente ós servizos de saúde?**






**En caso afirmativo con que frecuencia?**









**Resultados das respostas no caso de que a médica/o soubera que a muller sufrira ou estaba a sufrir violencia de xénero**




En caso afirmativo fixote sentir culpable pola túa situación?




Recomendáronche terapia familiar ou mediación?




En caso afirmativo aceptaches?




Establecéronche citas de seguimento?




Como valoras esa atención?




### Informáronche dos recursos sociais e económicos?




### Recibiches axuda psicolóxica dalgún tipo?





### Tes algunha secuela física?




### En caso afirmativo de parte de quen?







**- Resultados da enquisa do Persoal Sanitario -**





CENTROS DE SAÚDE	RECIBIDAS	ENVIADAS
LAVADORES	7	9
BOLIVIA	3	5
ROSALÍA	8	23
LÓPEZ MORA	5	10
CUBA	8	22
BEIRAMAR	8	13
PINTOR COLMEIRO	6	23
A DOBLADA	15	22
CASCO VELLO	4	13
COIA	7	22
CHAPELA	5	7
MATAMÁ	2	7
SÁRDOMA	9	15



- Datos recollidos das enquisas realizadas nos Centros de Saúde -



Cómpre destacar a importancia de que as persoas que traballan nos Servizos Sanitarios, non só os médicos e as médicas de Atención Primaria, reciban formación específica sobre violencia de xénero, e a importancia de valorar se esta formación debería de ser obrigatoria, para potenciar e favorecer a formación continua e o compromiso por parte dos axentes sociais, e máis concretamente dos Servizos aos cales acoden maioritariamente as mulleres que sofren violencia de xénero para unha maior eficacia na eliminación deste tipo de violencia.



É moi significativo o tanto por cento tan elevado de profesionais que non realizan preguntas sistemáticas. Dende a Rede consideramos de vital importancia que as e os profesionais da Sanidade sirvan de enlace para a detección precoz da violencia de xénero, para realizar as derivacións pertinentes co fin dunha maior prevención e detección precoz.

O sistema sanitario debe ser o marco no que se poden ver os diferentes niveis dos efectos da violencia, polo que se torna necesario que a sanidade recolla estes datos nos seus sistemas de información rutineiros.


Existen diferentes recomendacións por parte da OMS e en España por parte do PAPPS (Programa de Actividades Preventivas e de Prevención da Saúde), como por exemplo estar alerta ante demandas que poden ser unha petición de axuda non expresa ou identificar posibles trastornos psicopatolóxicos na vítima e no agresor.





#### Outras:


- Falta de método para introducir temas que poidan ferir susceptibilidades.
- Só se intúo.
- É difícil realizalas sistematicamente, outra cousa é se temos indicios.
- Só se hai indicios de problemas.
- Só se existe sospeita de maltrato.
- Só se pregunta cando existen datos suxerentes para facelo.
- Só cando teño sospeitas.
- Só fago se vexo algún indicio porque pode resultar en ocasións negativo e sentarlle mal á paciente.
- Porque non está sistematizado.
- Segundo sospeitas infundadas.
- Pregunto se sospeito maltrato.
- Porque non se considera na nosa Comunidade Autónoma (ao contrario que en Asturias), unha pregunta sistemática.
- Por falta de protocolo quizais.
- Carezo de información sobre o protocolo establecido.
- Por non ter interiorizado a necesidade de facelo, inda que creo que é importante.
- Porque me esquezo.
- Falta de costume.
- Non se presentou ningún caso.

Neste sentido dicir que a maior parte das mulleres aceptan ser preguntadas ao respecto, independentemente da súa propia situación persoal.





Cómpre destacar que das mulleres que acoden aos centros de saúde a prevalencia de malos tratos triplica a da poboación en xeral. O 90% das mulleres vítimas de malos tratos acoden a consulta médica ao longo do ano e só un 25% delas son diagnosticadas, o que implica que máis do 70% dos casos de violencia de xénero non son detectados no sistema sanitario.





**Outros:**

- Anteriormente existía un “centro de acollida” con grupo multidisciplinario (vivenda, psicólogo, avogado), con moi bos resultados, que empregaba de cotío. Agora non existe.
- Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos.
- Asociación Alecrín.
- Érguete.
- Policía Municipal.
- 016.



Case a totalidade das mulleres que consultaron en Saúde Mental (91%) sufriron malos tratos (28,1% físicos, 75% psicolóxicos), e estes foron silenciados durante a entrevista médica ordinaria.

**4.3.2.- Conclusións**

A mostra do estudo está composto por un 66% de mulleres españolas; o resto son inmigrantes, nas que prevalecen as

de nacionalidade venezolana e brasileira, especialmente con idades comprendidas entre os 21 e os 30, e entre os 31 e os 40 anos. A formación recibida sinala que un 35% ten estudos primarios, un 30% secundarios e un 22% formación profesional.

Do 57% de mulleres que realizan actividades fóra de casa, o 17% recibe terapia de grupo e parte desas mulleres participan en actividades de lecer e de interrelación social.

Do 49% de mulleres que accede prioritariamente ou nun primeiro momento á atención primaria e que presentan unha ampla sintomatoloxía, na que prevalece e se manifestan simultaneamente: insomnio, ansiedade, depresión, baixa autoestima, esgotamento psíquico, irritabilidade, dor de cabeza e mareos, no 90% dos casos o médico non lles preguntou se sufriron violencia de xénero e o 80% non o consultou, o que explicaría a baixa porcentaxe de derivacións e de información sobre os recursos existentes.

Das mulleres que son atendidas nun primeiro momento en urxencias e logo seguen en atención primaria, no 80% o tema da violencia de xénero non foi falado, aínda que si é alta a porcentaxe de seguimento da paciente, localizada nun 95%.

Do total das mulleres entrevistadas, o 52% presenciaron ou sufriron malos tratos na infancia e, independentemente do tempo que os padeceron por parte da súa parella, presentan unha sintomatoloxía máis extensa e maior problemática física; teñen en común: insomnio, depresión, ansiedade, estrés, baixa autoestima, esgotamento psíquico, irritabilidade, trastornos alimentarios, dor de cabeza, mareos e trastornos gastrointestinais. É dentro deste grupo onde se manifesta o 10% de tensión posttraumática e un 2% con intentos de suicidio.

Estes datos sobre a sintomatoloxía psicosomática deixan en evidencia o maior grao de vulnerabilidade e o maior risco na saúde que produce nas mulleres o padecemento da violencia.

O feito de que no 91% destes casos o médico/a non lles preguntase se sufrían violencia de xénero, e que o 83% non se consultara é significativo en relación ao nivel da alta desprotección en que está a muller maltratada dentro da atención sanitaria, o que determina que no 91% non sexa derivada a ningún servizo encargado de atendelas.

Ás mulleres maltratadas aténdeselles centrándose nos seus síntomas físicos que, ao non tratar a muller como unha totalidade, aparecen como desligados da súa situación vital, polo tanto non se expoñen nin se investigan as causas ou non se identifican como trastornos derivados da violencia de xénero.

É evidente que persisten os obstáculos e as dificultades para a detección e a abordaxe da violencia de xénero que impiden que se realice unha intervención eficaz.

Poderíamos situar como *obstáculos*: os propios prexuízos e crenzas dos e das profesionais sanitarias que determinan a súa actuación, xunto á falta de formación en violencia de xénero, que marca que se aplique unha terapia eminentemente bioloxicista na atención médica.

Dende as mulleres, as dificultades que presentan para falar sobre a súa situación de malos tratos, sexa por vergoña, por medo a que se lles culpabilice, a que se lle force a tomar decisións para as que non se senten preparadas, por estar ameazadas, por estar controladas, porque non son concientes da súa situación de malos tratos e/ou por non traizoar a súa parella. A

alta porcentaxe de asistencia privada á que recorren as mulleres, está considerado como consecuencia da dinámica do silencio que existe sobre a violencia de xénero, algo que está establecido dentro da asistencia sanitaria.

Malia as dificultades que presentan as mulleres, a maioría recoñece que necesitou que se lle preguntara directamente.

A violencia de xénero ten moi pronto repercusións na saúde das mulleres, case desde o inicio aparecen síntomas físicos e/ou psíquicos ou empeoran os xa existentes; estes son os motivos polos que as mulleres acoden aos servizos sanitarios. Existe unha relación moi estreita entre o sexismo e a saúde das mulleres. Cremos que os Servizos Sanitarios teñen que comprometerse máis profundamente en relación a dar publicidade sobre violencia de xénero dentro do propio Centro de Saúde e das propias consultas, xa que isto facilitaría a comunicación médica/o-paciente sobre o asesoramento e a información en materia de violencia de xénero.

Comprendemos a situación dos e das propias profesionais, pero dende a Rede cremos no compromiso estable que ten que ter toda a cidadanía para poder loitar e rematar coa violencia de xénero, e do gran peso que teñen as diferentes disciplinas, como é a Sanidade, para unha detección e prevención eficaz, polo que consideramos que todas e todos debemos exercer toda a nosa influencia e enerxía que nos permita conseguir rematar coa violencia de xénero.

## – RESULTADOS EN TANTOS POR CENTO –

### *Datos persoais:*

- A maioría de mulleres (77%) son españolas e residentes en Vigo; o resto inmigrantes.
- A idade predominante sitúase entre os 21–30 anos, e entre 51 e 65 anos co 39% en ambos os casos, e onde adquire relevancia o 11% de mozas menores de 20.
- O estado civil sitúa á maioría como separadas (50%), e en segundo lugar, o 31%, como solteiras.
- Na formación regrada destaca nun 33% os estudos primarios, seguido do 28% con formación profesional, o 22% con estudos secundarios e nun 17% universitarias.
- Para saír da situación de violencia recorreron á Garda Civil o 21%, á policía o 16% e o 21% a atención psicolóxica.

### *Situación de violencia:*

- O 61% presenciou malos tratos na infancia.
- O 21% sitúa aos 22 anos a idade en que sufriu a primeira agresión.

### *Utilización dos servizos sanitarios:*

- O 61% utilizou os servizos de atención primaria, aínda que non acoden frecuentemente, si cumpriron coas citas e co seguimento dos tratamentos nun 72 e 78%.

### ***A atención do e da profesional:***

- Con respecto á actitude do profesional, senten nun 56% que poden expresar os seus sentimentos, mentres que un 33% non.
- A comunicación é próxima nun 50%, e nun 39% non.
- É altamente significativo que, tratándose de mulleres maltratadas, un 72% afirma que non se lles falase sobre a violencia de xénero, e nun 83% non se lles preguntou si sufrían malos tratos.
- En coincidencia co ítem anterior, só o 17% de mulleres consultaron sobre os malos tratos, en contra de que un 66% non o fixo.
- Nos casos que si falaron, nun 11% foille suxerida mediación familiar, que foi aceptado no 100%. Cómpre dicir que recomendar terapia familiar ou de parella sempre fracasa e alongará a violencia exercida contra as mulleres e contra os e as fillas.
- Nunha porcentaxe moi baixa, só ao 33% se lle deron citas para o seu seguimento.
- Dentro da alta porcentaxe de non lles ter falado da violencia, de non terlles preguntado se estaban a sufrila e de que elas tampouco preguntaran, enténdese que nun 67% non contesta e o 33% nega recibir información dos recursos existentes, e que só o 17% sexa derivada a outro servizo, que un 39% non, e un 44% nin sequera conteste.
- A porcentaxe de derivacións son similares, o 34% ao CIM, 33% á Rede contra os malos tratos e aos Servizos Sociais, sendo a valoración no 50% como boa. É impor-

tante saber valorar o estado da seguridade das propias mulleres, e contar e coñecer todos os recursos municipais cos que podemos contar, ou no seu caso sería necesario para realizar a derivación pertinente, preocúpanos que o 73% dos médicos/as non coñezan ningún recurso do Concello de Vigo.

### ***Saúde:***

- Sobre o 44% que recoñece ter secuelas físicas, é lóxico xa que están asociadas á violencia física.
- Sobre a axuda psicolóxica que recibiron todas as mulleres entrevistadas, unha alta porcentaxe foi a través da asistencia privada (46%), as asociacións sen ánimo de lucro nun 25%, os servizos sociais nun 21% e só 18% polos servizos sanitarios.

### ***Trastornos derivados:***

- A ansiedade, a baixa autoestima e o estrés ocupan o 14%, seguidas de depresión no 13%, insomnio, esgotamento, irritabilidade no 11%, trastornos da alimentación no 7%, estrés postraumático no 3%, e intentos de suicidio no 2%, presentándose estes síntomas en moitos casos simultaneamente.
- A dor de cabeza e os trastornos dixestivos presentan o nivel máis alto, un 30 e un 27%, con mareos no 17%, dor crónica e dificultades respiratorias no 12%.



## 6 ENDEREZOS DE INTERESE

- VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR  
San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela  
981 957 691 / 981 957 690
- TELÉFONO DAS MULLERES: 900 400 273
- GARDA CIVIL: 062
- POLICÍA NACIONAL: 091
- POLICÍA LOCAL: 092
- EMERXENCIAS: 112
- REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO  
r/ Oliva, 12 – 2º  
36202 – Vigo  
986 22 23 24 / 606 92 91 37
- SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE: <http://sgi.xunta.es>

CIM de Ares	Avda. Saavedra Meneces, 12 - 15624 Ares	981-468102
CIM de Arteixo	Avda. do Balneario, 10 - baixo 15142 Arteixo	981-601415
CIM de Arzúa	Rúa Santiago, 2 - 15810 Arzúa	981-501101
CIM de Boiro	Casa do Concello - 2º andar. Praza de Galicia, s/n - 15930 Boiro	981-842826
CIM de Boqueixón	Forte, s/n - 15881 Boqueixón	981-513061

CIM de Carballo	Pza. do Concello, s/n - planta baixa 15100 Carballo	981-700688
CIM de Cee	Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n Casa do Concello - 15270 Cee	981-745100
CIM de Coirós	Coirós de Arriba, 16 - 15316 Coirós	981-776296
CIM de A Coruña	Rúa Hortensias, s/n - 15008 A Coruña	981-184356
CIAM de A Coruña	R/ Enrique Mariñas, s/n - 8º (Edif. Proa) Matogrande - 15009 A Coruña	881-881090
CIM de Culleredo	Rúa Andrés Pan Vieiro, 30 - O Burgo 15670 Culleredo	981-661208
CIM de Curtis	Praza de España, 1 - Casa do Concello 2º andar - 15310 Teixeira - Curtis	981-789003
CIM de Ferrol	Rúa Lugo, 56 - 15402 Ferrol	981-944124
CIM de Laracha	Pza. do Xeneralísimo, s/n - 15145 Laracha	981-605001
CIM de Melide	Rúa Principal, 44 - 1º - 15800 Melide	981-505706
CIM de Muxía	Rúa Real, 35 - 15124 Muxía	981-708595
CIM de Negreira	Rúa do Carme, 3 - 2º - 15830 Negreira	981-886320
CIM de Noia	Rúa do Curro, 4 - 15200 Noia	981-828011
CIM de Ordes	Rúa Alfonso Senra, 108 - 15680 Ordes	981-682108
CIM de Ortigueira	Rúa Recheo da Alameda, s/n 1ª planta - 15330 Ortigueira	981-402542
CIM de Outes	Pza. do Bosque, s/n - 15230 Serra de Outes	981-850949
CIM de Padrón	Plaza Rodríguez Cobián, 4 - 15900 Padrón	981-817025
CIM de Pontes, As	Rúa Rosalía de Castro, 28 - 2º Edificio Casa Dopeso - 15320 As Pontes	981-441008

CIM de Riveira	Rúa Correos, 5 - 15960 Riveira	981-874131
CIM de Santa Comba	Rúa Curros Enríquez, s/n Edif. Multiusos - 15840 Santa Comba	981-818710
CIM de Santiago de Compostela	Rúa Isaac Díaz Pardo, 2 15705 Santiago de Compostela	981-542465
CIM de Teo	Centro Sociocultural da Ramallosa 2º andar - Ramallosa, s/n - Luci - 15883 Teo	981-809707
CIM de Zas	Travesía de Santiago, 40 - 15850 Zas	981-708303
CIM de Burela	Rúa Eijo Garay, 20 (Casa do Concello) 27880 Burela	982-580609
CIM de Chantada	Pza. de España, 11 - Bx - 27500 Chantada	982-462299
CIAM de Lugo	Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo	982-294262
CIM de Lugo	Avda. da Coruña, 212 - 27003 Lugo	982-206336
CIM de Mondoñedo	Barrio dos Muíños - Vivendas Sociais Rúa Bispo Fernández de Castro, s/n - Baixo 27740 Mondoñedo	982-521369
CIM de Monforte	Campo de San Antonio, s/n 27400 Monforte	982-416350
CIM de Palas de Rei	Rúa Bernardino Pardo Ouro, s/n 27200 Palas de Rei	982-380003
CIM de Quiroga	Rúa Real, 52 - 2º - 27320 Quiroga	982-438951
CIM de Ribadeo	Rúa Buenos Aires, 26 Auditorio municipal 27700 Ribadeo	982-120739
CIM de Sarria	Rúa Matías López, 33 - 27600 Sarria	982-535061
CIM de Vilalba	Praza da Constitución, 1 - 27800 Vilalba	982-523032

CIM de Viveiro	Claustro de San Francisco Avda. de Cervantes, s/n - 27850 Viveiro	982-550421
CIM do Barco de Valdeorras	Praza do Concello, 1 - baixo 32300 O Barco de Valdeorras	988-320202
CIM do Carballiño	Rúa Faustino Santalices, 10 32500 O Carballiño	988-531076
CIM de Castro Caldelas	Rúa do Concello, 1 - 32760 Castro Caldelas	988-203000
CIM da Mancomunidade Terra de Celanova	Barrio da Hermida, 39 - 32800 Celanova	988-451646
CIM da Mancomunidade de Conso-Frieiras	Rúa O Toural, s/n - 32540 A Gudiña	988-421002
CIM da Mancomunidade Voluntaria do Ribeiro	Praza Maior, 1 - 1º - 32400 Ribadavia	988-477153
CIM de Maceda	Rúa Toural, 2 - 32700 Maceda	988-463554
CIM de Muíños	Praza San Rosendo, 1 32880 Mugeimes - Muíños	988-457705
CIM de Ourense	Rúa Capitán Eloy, 20 - entrechán 32003 Ourense	988-374401
CIM da Pobra de Trives	Paseo de San Roque, 4 - 2º 32780 Pobra de Trives	988-330012
CIM de Verín	Avda. de Portugal, 11 bis Casa da Xuventude - 32600 Verín	988-414776

CIM de Vna. do Bolo	Rúa Constitución, 14 - 32550 Viana do Bolo	988-329260
CIM de Xzo de Limia	Rúa Curros Enríquez, 17 - 1º Casa da Cultura - 32630 Xinzo de Limia	988-550023
CIM de Baiona	Rúa Dolores Agrelo, 16 - 1º - 36300 Baiona	986-357554
CIM de Bueu	Rúa Pazos Fontenla, 29 - 2º - 36930 Bueu	986-324395
CIM de Cdas de Reis	r/ Alfonso VII, 2 - bx - 36650 Caldas de Reis	986-530814
CIM de Cambados	Rúa Ourense - Edif. Servizos Múltiples, 3º 36630 Cambados	986-520943
CIM de Cangas	Rúa Andalucía, 3 - baixo - Edif. Xoia 36940 Cangas	986-392268
CIM de A Estrada	Pza. da Constitución, 1 - 36680 A Estrada	986-590151
CIM de Gondomar	Casa da Cultura, Rúa Portugal, 2 - baixo 36380 Gondomar	986-360224
CIM de O Grove	Rúa Castela, 173 - Baixo - 36980 O Grove	986-730900
CIM de A Guarda	Praza do Reló, s/n - 36780 A Guarda	986-614648
CIM de Lalín	Rúa Mercado, s/n - 36500 Lalín	986-780014
CIM de A Lama	Avda. de Jose Antonio, 1 - 36830 A Lama	986-768117
CIM de Marín	Rúa La Cuesta, s/n - Granxa de Briz 36900 Marín	986-891802
CIM de Moaña	As Barxas, 2 - 36950 Moaña	986-313600
CIM de Nigrán	Cruce Rúa Mariñeiro. Estrada pola Vía, 65 36350 Nigrán	986-383081
CIM de Poio	Rúa Domingo Fontán, 4ªA - 36995 Poio	986-874238
CIM de Pontearreas	Rúa Oriente, 8 - 36860 Pontearreas	986-644653

CIM de Pte Candelas	Avd. de Galicia, 17 - 36820 Ponte Candelas	986-750001
CIM de Pontevedra	Rúa Sor Lucía, 2 - 3º - 36002 Pontevedra	986-864825
CIM de Porriño	Rúa Antonio Palacios, 1 - 36400 O Porriño	986-337429
CIM de Redondela	Rúa Isidoro Queimaliños, 2 36800 Redondela	986-408043
CIM de Sanxenxo	Rúa Rafael Pico, 4 - 36970 Portonovo	986-727901
CIM de Silleda	Avda. do Parque, 67 - 36540 Silleda	986-592037
CIM de Soutomaior	Peirao 8 - Multiusos de Arcade 36690 Arcade	986-701227
CIM de Vigo	Rúa Romil, 20 - 36202 Vigo	986-293963
CIM de Vilagarcía de Arousa	Praza Ravella, 1 36600 Vilagarcía de Arousa	986-099200
CIM de Vilanova	Lugar do Esteiro, s/n - Casa da Cultura 36620 Vilanova de Arousa	986-554845

## 7 BIBLIOGRAFÍA

- *A muller na Idade Media*. Adeline Rucquoi. Biblioteca Gonzalo de Berceo, 1978.
- *Diccionario Ideológico Feminista*. Victoria Saou. Editorial Icaria, 1990.
- *O Club des Citoyennes Républicannes Revolutionares: Afirmación femenina e movemento popular durante a Revolución Francesa*. José Gárriz Manso. Daniel Torras Martínez, 1990.
- *Os feminismos a través da Historia*. Ana de Miguel para Mulleres en Rede, 2007.
- *Os Mercados de Traballo nas Industrias Marítimas: diferenzas de xénero e desigualdade social*. Luisa Muñoz Abeledo. Universidade de Santiago de Compostela, 2001.
- *Marxinad-as. A exclusión social desde unha perspectiva de xénero*. (Fundación Érguete, 2009).
- *IV Plan de Igualdade*. (Concellería de Igualdade, 2009).
- *Guías técnicas de atención á Muller en situación de violencia de xénero* (Xunta de Galicia, 2009).
- *Palabras para la igualdad* (Mujeres Vecinales, 2000).
- *Materiales didácticos para la coeducación. El feminismo atraviesa la historia o cómo ha sido la lucha de las mujeres*.
- *Defende os teus dereitos. Guía práctica para mulleres que sofren violencia de xénero*. (Xunta de Galicia, 2006).

– *A realidade das mulleres galegas*, 2006. (Servizo Galego de Igualdade, 2007).

– *Estás pola solución? Proposta de recursos didácticos para a abordaxe da violencia de xénero no ámbito sanitario* (Xunta de Galicia).

### Fontes Estatísticas:

- *Instituto da Muller*.

- *INE*. Instituto Nacional de Estatística. Enquisa EPA.

- *IGE*. Instituto Galego de Estatística.

- *Padrón Municipal*, 2001.

- *Instituto Galego de Novas Cualificacións*, 2009.